

Estructura socioprofesional de Betanzos (1840-1936)

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ*

Sumario

Utilizando como documentación esencial os Padróns Municipais de Habitantes de 1840, 1865, 1890, 1920 e 1935 estúdase a evolución da estrutura socioprofesional de Betanzos, pero enmarcada nun esquema de estrutura social, para a que este traballo é un paso previo necesario.

Abstract

By using the Town Census of 1840, 1865, 1890, 1920 and 1935, as basic documents, the social and professional structure of inhabitants in Betanzos is studied, in order to provide a starting point for later and further research of the social structure of the area.

CONSIDERACIÓNS PREVIAS

As fontes documentais utilizadas

Cinco padróns municipais de habitantes son a base esencial sobre a que se desenrola este traballo. Son os de 1840, 1865, 1890, 1920 e 1935, todos no Arquivo Municipal de Betanzos. O de 1840 elixiuse por ser o máis antigo completo da cidade; o de 1935, por estar ó final dunha era que remata coa Segunda República e o inicio da Guerra Civil. E, por fin, os do medio, dentro das posibilidades do Arquivo, por manter unha certa equidistancia entre 25, 20 e 15 anos.

Os padróns de habitantes dannos o nome das persoas, de onde son orixinarias, en que barrio e rúa viven, como se constitúen as familias (nº de persoas por casa, parentesco...), que oficio ten cada membro delas, se saben ler e escribir (1920 e 1935), etc. De maneira puntual, tamén nos serviu un padrón dos individuos que pagan o imposto de carruaxes de luxo e que, aplicado ó caso dos automóviles, abarca desde 1914 a 1936.

Faltan datos e tempo aínda para un estudo profundo da sociedade, datos máis próximos á ideoloxía das persoas, datos que nos falen de como se articula esa poboación ó longo do tempo, tanto no que respecta a razóns económicas como a outras de tipo ideolóxico. Todo eso e máis queda fóra deste traballo de momento. Pero, con todo, achegarémonos ós grupos socioprofesionais, verémolos evolucionar no seu número de membros, algúns aparecen e outros desaparecen ó ritmo dos cambios tecnolóxicos e da propia transformación económica da cidade. En fin, intentaremos deixar ó descuberto algúns aspectos fundamentais, con obxecto de que sirvan de base a posteriores investigacións.

O esquema estrutural

Non faremos agora unha análise teórica de por que aplicamos uns conceptos ou outros nin tampouco razoamos a complexidade da estrutura socioprofesional, posto que todo eso xa ven sendo obxecto de estudo no Departamento de Historia Contemporánea da Univ. de Santiago, e, por conseguinte, aquí o que facemos é aplicar ese método, retocalo

Alfredo Erias Martínez é director do Anuario Brigantino, do Arquivo e Biblioteca Municipais de Betanzos e do Museo das Mariñas. <http://www.alfredoerias.com>

Anuario Brigantino 2000, nº 23

sobre a marcha, se parece oportuno e, en todo caso, deixar unha referencia máis para posteriores análises, onde a teoría se reforce de xeito inductivo aproveitando as conclusións deste e doutros traballos¹.

Si é preciso dicir que se establece este estudio como unha introducción á estrutura social de Betanzos no século anterior á Guerra Civil de 1936, partindo da estrutura socioprofesional que obtemos das cifras dos padróns. Polo tanto, impórtanos xa de entrada, trazar un *esbozo* da **elite urbana**, das chamadas **clases medias**, dos **asalariados**, dos **campesiños e mariñeiros** e dos **marxinados**. Queda para o futuro afondar nas liñas aquí trazadas e chegar a definir coa maior precisión posible esa estrutura social.

Betanzos como definición

Desde que no 1219 Alfonso IX permitiu o traslado da xente de *Betanzos o Vello* (na parroquia de San Martín de Tiobre) á *vila de Untia*, asentada no castro do mesmo nome, os límites xeográficos de Betanzos quedaron considerablemente ben definidos. Por unha parte, os ríos Mendo e Mandeo eran as fronteiras naturais polo N., E., e O., pero é que ademais a nova vila de Betanzos, reutilizando parte das defensas castrexas, construíu novas murallas, posteriormente ensanchadas, que a defendían dos de fóra.

E fóra quedaba, polo Sur, o *Campo da Feira* (xa desde o s. XIII), que na súa parte oriental estaba flanqueado xa de antigo por un barrio popular chamado *da Fonte de Unta*, que, co tempo, a efectos administrativos, quedaría englobado no *Barrio do Campo*. Polo Sur o límite a este espacio público estaba nunha capela, substituída despois pola igrexa e convento de Santo Domingo (s. XVI-XVIII). Máis aló o *camiño do Rollo*, que ía cara a Compostela tiña algunha que outra casa illada. E polo Oeste, o *Campo* non debeu ter construcións moi significadas ata que se edificaron as sucesivas capelas de San Roque desde o s. XVI, e o Hospital de San Antonio no XVII (substituíu unha caseta para pesar grans e un «hospital» ou, mellor, hospedaría rexida pola Orde de San Xoán de Deus), seguido do Edificio Arquivo do Reino de Galicia e do Colexio de Orfas, na segunda metade do XVIII.

Ó outro lado da Ponte Vella (cara ó E.) debeu haber xa desde antigo un barrio que, por máis que pertenza á parroquia de Tiobre e desde o século XVI-XVII teña igrexa propia (o Santuario de Nosa Señora do Camiño), adoita aparecer nos documentos como integrante da cidade, chamado *barrio da Ponte Vella*.

Máis aló da Ponte Nova (cara á Coruña), o *barrio da Madalena*, da parroquia de San Pedro das Viñas, non se considera parte da cidade. Quizais se debiera a que no medio quedaba un espacio demasiado amplo de aluvión e xunco. Nel tiña Betanzos, nembargantes, o seu particular Hospital de Lazarados, xa desde a Idade Media, formado por «casetas», unha capela (a actual é posterior), unha casa con lagar, terras, etc. que aínda hoxe permanecen en boa parte. Alí tamén se construíría no 1837 a *Fábrica de Curtidos «La Magdalena»*, por parte de Don Marcelino Etcheverría, fábrica que tería nese mesmo século outra compañeira na zona do Carregal: a de D. Juan Pedro Lissarrague Etchard. Sen dúbida, aínda que os padróns consideren estas zonas como exteriores á cidade e, polo tanto, non figuren nos nosos datos, teremos que telas en conta en máis dunha ocasión.

¹Agradezo expresamente a axuda dos profesores D. Xosé Ramón Barreiro Fernández e D. Xusto González Beramendi, as suxerencias dos historiadores D. Xosé M^a Veiga Ferreira e D. Carlos Pereira Martínez, así como a colaboración técnica de D. Santiago Boullosa Cerviño.

Unha ollada ó plano que o coronel de enxeñeiros Francisco Coello debuxou de Betanzos para o *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico* de Madoz a mediados do século XIX danos unha idea moito máis clara do espacio que estudiamos, que se caracteriza por un estancamento secular, derivado da propia orografía e da escasa expansión demográfica.


Resumindo, nos cinco padróns de habitantes que tomamos como base para este estudio, o problema da definición xeográfica de Betanzos queda clara, posto que coinciden todos en considerar a cidade como constituída polos cinco barrios seguintes: *O Campo*, a *Rúa Nova*, *San Francisco*, a *Ribeira* e a *Ponte Vella*.

Como queira, ademais, que a gran expansión urbana é moi posterior a 1935 (desde a década de 1960) os datos que eses padróns nos ofrecen son perfectamente comparables. Eso si, hai que ter moi presente que os funcionarios que os fixeron non tiveron sempre os mesmos criterios. A principal desviación que observamos neste senso sintetízase nos homes e mulleres sen oficio:

Nº DE PERSOAS SEN OFICIO EN BETANZOS, SEGUNDO OS PADRÓNS DE 1840, 1865, 1890, 1920 E 1935										
PADRÓNS	1840	% pob.	1865	% pob.	1890	% pob.	1920	% pob.	1935	% pob.
Homes	930	20,53	829	18,43	341	7,16	319	5,77	296	5,03
Mulleres	1.669	36,85	1.431	31,82	502	10,55	271	4,9	243	4,13
TOTAL	2.599	57,38	2.260	50,25	843	17,71	590	10,67	539	9,17

Elaboración: Alfredo Erias a partir dos Padróns Municipais de Habts.

Aquí vemos que no 1840 o 57,38 % da poboación non aparece con oficio algún, o que resulta claramente un erro da fonte. A cuestión é saber onde se acocharán esas persoas e, polo menos no caso das mulleres sen oficio (36,85 % da pob. total) descubrimos que, salvo as nenas, están a maioría no que chamariamos amas de casa... Semellante causa pódese atopar no 1865, mentres que se contemplan as amas de casa como oficio desde 1890 sen variacións demasiado grandes.



Aspectos demográficos

Aínda que teña o título de cidade desde 1465 (dado por Enrique IV), Betanzos é demograficamente unha cidade pequena, máis ben unha vila. No censo de 1787² ten 3.508

²EIRAS ROEL, Antonio. «Una primera aproximación a la estructura demográfica urbana de Galicia en el censo de 1787». La ciudad y el mundo urbano de Galicia, coordinado por Ramón Villares Paz. Santiago, Tórculo, 1988, pp. 155 e ss.

habitantes, sendo superada pola Coruña, Mondoñedo, Lugo, Santiago, Ferrol, Pontevedra... Eso si, Ourense (2.961) e Vigo (3.434) están por debaixo, pero por pouco tempo.

De 1787 a 1840 medra a poboación en 1.020 habitantes (29,07%) a pesar das crises de 1809, 1823 e 1838. Este crecemento é paralelo ó que se produce en España ata 1850 aproximadamente³ e tamén ó que experimenta Galicia⁴ no seu conxunto: un período que foi, ademais, positivo para a economía galega.

Nos 50 anos que van de 1840 a 1890, o estancamento demográfico en Betanzos é manifesto: baixa a poboación en 31 hbts. ata 1865 e só medra despois en 261 cara a 1890 (5,8%). Un estancamento máis forte que en España e tamén en Galicia, pero a grandes trazos hai coincidencia, posto que estamos diante dun período de desaceleración do crecemento, debido á emigración, ó desequilibrio entre poboación e recursos, ó estancamento da natalidade e ó peso dunha mortalidade excesiva .

En cambio, nos 45 anos seguintes, ata 1935, o incremento demográfico en Betanzos é moito maior: 1.119 habitantes (23,5% respecto a 1890). Unha tendencia tamén paralela a España e Galicia: 773 persoas ata 1920 e 346 ata 1935. A subida cara a 1920 de 773 persoas (16,2%) explícase quizais pola continuación dunha inmigración de xentes da comarca (xornaleiros, etc. que documentamos para 1890), pero tamén por un aumento xeral da natalidade que, nembargantes, parece rematar arredor de 1910 e aínda logo baixa de súpeto, debido ós efectos da gripe de 1918-19 que afectou sobre todo, ós nenos de menos de 4 anos e ós adultos maiores de 60⁶. Se eso foi así, daquela teremos que engadir ademais o efecto emigratorio para explicar a baixada de adultos varóns (desde os 25 anos) no 1920, efecto que xa se entrevía no 1890.

Máis polo miúdo, a pirámide de idades de 1840 amósanos o predominio dunha poboación moza e adulta, pero caendo rapidamente a natalidade e, polo tanto, tendendo a curto prazo a un crecemento negativo, como denota o número de rapaces de 0-4 anos e de 5-9, feito debido á recente crise de 1838 e que supón que neste ano de 1840 estemos nun dos puntos máis baixos de nacementos anuais de todo o século XIX. As cristas violentas de baixadas e subidas no número de homes e mulleres cada 5 anos, a partir dos 25 (dos 15 para os homes) amósannos claramente unha historia de crises cíclicas, de tal maneira que parecen superpoñerse dúas pirámides, unha negativa de mortos e ausentes e outra optimista (a que existiría se non houberese esas crises) que, en calquera caso, tamén se afunde a partir dos 65 anos.


As 211 casas baleiras que hai na cidade nese ano de 1840, reiterando as expresións «sin colono» ou «sin habitador», son tamén un indicativo destas crises e do conseguinte estancamento demográfico. A súa distribución é a seguinte: 61 no barrio de San Francisco, 53 na Ribeira, 46 na Rúa Nova, 36 no Campo e 15 na Ponte Vella.

³Os factores que se apuntan para esta expansión en España son: 1) o mantemento do «ideal populacionista» do s. XVIII, 2) o fin da emigración cara a América, debido á independencia das colonias, e 3) os progresos da hixiene e da Medicina. LACOMBA, Juan Antonio. «Estructura demográfica y dinámica social en la España del siglo XIX». *Historia social de España siglo XIX...* p. 49.

⁴BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón. *Historia de Galicia: IV. Edade Contemporánea*. Vigo, Galaxia, 1981, p. 15.

⁵VICENS VIVES, J, NADAL, J. e ORTEGA, R. «España durante los siglos XIX y XX». *Historia de España y América social y económica*. Barcelona, Vicens-Vives, 1977.

⁶FERNÁNDEZ, C., VEIGA, X.M. «La «gripe» de 1918-19 en Betanzos». *Anuario Brigantino* 1995, nº18.





É o reflexo das crises demográficas que van de 1809 (invasión francesa da cidade e ulterior estado de guerra)⁷ a 1823 (fin do Trienio Liberal coa invasión da cidade polas tropas francesas de Angulema). Non hai máis que ver a evolución de nacementos e defuncions nesta etapa (v. gráfica) para establecer os efectos que este pasado deixou na poboación de 1840. Unhas crises estas de 1809, 1823 e 1838 que non serán as últimas, pero que marcan moito do estancamento endémico de Betanzos nos anos vindeiros. A seguinte (como as demais, curiosamente segue a oscilar entre os 14-16 anos), a máis forte de todas, será a que xunta as malas colleitas dos primeiros anos da década de 1850 co tifo de 1853 e o cólera morbo asiático de 1854-55⁸.



A pirámide de idades de 1865 déixanos entrever que a meirande mortalidade do século no 1853-55 afectou por igual a ámbolos dous sexos, como se ve na semellante baixada de rapaces e rapazas de 10-14 anos, que afecta directamente ós nenos que ou non naceron ou


⁷A crise de 1809 correspóndese cunha xeral en España que vai de 1808 a 1812, unha etapa de catástrofe demográfica de lonxanos precedentes. É a Guerra da Independencia e os seus múltiples efectos a que está detrás. NADAL, Jordi. *La población española (siglos XVI a XX)*. Barcelona, Ariel, 1971, pp. 134-5.

⁸VEIGA FERREIRA, Xosé M^o. «O cólera en Betanzos: 1854-1855». *Anuario Brigantino* 1988, n^o 11, pp. 45-57. CARRO OTERO, José e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Carlos. «La epidemia de «tifo», de 1853, en Betanzos». En: *Anuario Brigantino* 1989, n^o 12, pp. 129-144.



ESTRUCTURA SOCIOPROFESIONAL DE BETANZOS (1840-1936)





morreron ó nacer naqueles terribles anos. Nembargantes a curva de baixada que seguimos vendo nas mulleres é moito máis acusada nos homes de 20-40 anos, cousa que hai que explicala tamén polo fenómeno migratorio.

Tamén se transluce a maior crise dos ss. XIX e XX, a de 1853-55 (subsistencias, tifo e cólera), na pirámide de 1890 con esa ausencia de homes entre 30 e 40 anos (morte e baixa natalidade) e a continuada emigración, que afecta ós mozos de cerca de 20 anos en adiante. A emigración marcará, así mesmo, a pirámide de 1920, afundindo máis da conta a entalla que aparece nos mozos de 25 anos para riba, debida á mortalidade e á conseguinte baixa de nacementos de 1889-90.

A pirámide de 1935 acusa perfectamente a gripe de 1918-19 na baixada de xente de 15-19 anos (os superviventes) e tamén na de 10-14 e 20-24. Mentres tanto, os mozos ían deixando vida e ilusións en América, seguindo a estela doutros que, como os Irmáns García Naveira ou Manuel Naveira, se fixeran ricos na Arxentina e encheran de obras benéficas a cidade. Neste senso, non parece claro que o fenómeno contrario, o da repatriación de Cuba e Porto Rico no 1898 e de América, despois da crise de 1929, tivesen moito efecto en Betanzos. En todo caso, a saída de xente, sobre todo de homes, desbordou con moito esa inmigración conxuntural.

Outro aspecto que descubrimos en todas estas pirámides de idades é o feito de haber na cidade moitas máis mozas solteiras que mozos, posto que estes foron os que máis emigraron sempre. Hai máis equilibrio entre casados. E, desde logo, sempre temos moitas máis viúvas que viúvos. En resume, parece claro que en todo este século de estudo, pero

sobre todo desde 1865, e aínda máis cara a 1935, solteiras, solteironas e viúvas debían ter unha presenza importante na paisaxe humana de Betanzos.

Sintetizando, pois, temos que de 1787 a 1840 hai crecemento; de 1840 a 1890, estancamento, e de 1890 a 1935, de novo crecemento. Por outra banda, a estrutura xeral das pirámides de poboación, aínda que con matices puntuais, coinciden en amosar un predominio de xente moza e, por conseguinte, con tendencia a medrar. Outra cousa é que a poboación medre máis ou menos: as crises de subsistencia, as epidemias, a emigración e as conxunturas económicas, encargáranse de matizar esta tendencia.

No que se refire ós diferentes comportamentos demográficos en relación ó sexo, hai que dicir que as mulleres medran en núms. absolutos e porcentualmente de 1840 a 1890, ó pasar de 2.443 (53,95%) a 2.721 (57,18%), mentres que os homes baixan de 2.085 (46,04%) a 2.037 (42,81%). Nesta etapa as mulleres medran tamén no seo da poboación activa (non consideramos aquí as amas de casa) en números absolutos: de 592 a 1.326. Ademais, se vemos a evolución porcentual, os resultados son máis expresivos, porque avanza dun 34,31% a un 44,28%, mentres que os homes con oficio baixan dun 65,68% a un 55,71%. Parece claro que a emigración, sobre todo masculina, explica estas diferencias.

Nembargantes, de 1890 a 1935 hai un cambio drástico no comportamento por sexos da poboación activa: os homes soben do 55,71% ó 72,73%, mentres que as mulleres caen do 44,28% ó 27,26%. A gran cantidade de oficios femininos que víamos no 1890, ligados ó comercio e á artesanía, desaparecen. Téñase en conta que desde 1890 o número de persoas dedicadas a oficios artesanais do mundo do vestido cae en picado na cidade.

A xente e os sectores socioeconómicos

Aínda sen estudar outros documentos, as meras cifras da poboación aplicadas ós distintos sectores profesionais, déixannos entrever algo da evolución socioeconómica xeral de Betanzos entre 1840 e 1935.

EVOLUCIÓN DO Nº DE PERSOAS POR SECTORES SOCIOECONÓMICOS EN BETANZOS											
SECTORES	1840	%	1865	%	1890	%	1920	%	1935	%	
PRIMARIO	569	12,56	682	15,16	994	20,89	820	14,82	692	11,77	
SECUNDARIO	506	11,17	525	11,67	491	10,31	386	6,97	416	7,07	
TER- CIA- RIO	Comercio e crédito	110	2,42	148	3,29	192	4,03	241	4,35	259	4,4
	Servicios	308	6,8	328	7,29	338	7,1	380	6,87	380	6,46
	Estudiantes	58	1,28	24	0,53	822	17,27	978	17,68	1.204	20,48
	Administr. pública	174	3,84	147	3,26	157	3,29	262	4,73	209	3,55
Casa*	195	4,31	170	3,78	830	17,48	1.772	32,03	2.120	36,07	
Marxinación	9	0,19	213	4,73	91	1,91	102	1,84	58	0,98	
Sen especificar / dubidosos	2.599	57,39	2.260	50,25	843	17,71	590	10,66	539	9,17	
TOTAL	4.528		4.497		4.758		5.531		5.877		

*Case tódalas cifras que aquí aparecen se refiren a "gobierno de casa" ou expresións semellantes, correspondentes ó que coñecemos como *amas de casa* (samente se engaden 4 "huéspedes" no 1935, 2 homes e 2 mulleres), pero, curiosamente, hai tamén algúns homes ós que se lles aplica estes termos no 1840 (14 "gobierno de casa"), no 1890 (1 "trabajos de casa") e no 1935 (13 "labores").

Elaboración: Alfredo Erias a través dos padróns municipais de habitantes.

O **sector primario** parece que tende a medrar cando pasa do 12,56 % no 1840 ó 15,16% no 1865, pero esa tendencia esaxérase conxunturalmente ata o 20,89 % no 1890 debido á existencia inhabitual nese tempo de nada menos que 628 xornaleiros, que supliron con creces a baixada en conxunto de propietarios e labradores. As cousas volven ó seu canle no 1920 con 14,82% e mesmo se chega ó 11,77% no 1935, nunha tendencia evidente a minguar na longa duración, aínda que o número absoluto de xente deste sector, 692, sexa algo máis alta que no 1840 (569) e no 1865 (682).

Os mariñeiros tradicionais dedicados á pesca de baixura soben de 6 no 1840 a 14 no 1865, 1890 e 1920 (neste ano hai tamén 2 aprendices de mariñeiro e 7 «navegantes»), pero algo debe pasar cando soben a 36 no 1935 (sen contar os 11 «marinos»)

O **sector secundario**, aquel dedicado á elaboración de materias primas, aparece estancado en números absolutos, pero decrecendo progresivamente en canto a porcentaxe de poboación. É o mundo dos artesáns e dos seus asalariados, un mundo condenado a desaparecer. No campo do vestido, por exemplo, hai unha subida progresiva, tanto en números absolutos como porcentualmente, de 1840 a 1865 e 1890, pero un afundimento tamén progresivo despois. E nos demais, en case todos hai unha forte caída cara a 1890, con algunha recuperación cara a 1935, pero sen achegarse nin remotamente ós niveis de 1840.

Se os artesáns desaparecen, non ocorre o mesmo cos **comerciantes (sector terciario)**, que soben, tanto en cifras absolutas como porcentualmente con respecto ó conxunto da poboación. Diríase que complementan coa súa subida a desaparición dos artesáns e que, naturalmente, o que se vende ven cada vez máis de fóra da cidade.


O **sector terciario**, no que respecta ós **servicios**, experimenta unha moi leve subida en números absolutos, con estancamento entre 1920 e 1935, e estancamento tamén en todo o período de estudo se consideramos as cifras porcentuais con respecto ó total da poboación (v. táboa). Están aquí: os empresarios (de hostalería, espectáculos, transportes, artes gráficas e outros); os profesionais liberais (xurídicos, de sanidade, de educación, prensa, pintura, fotografía, etc.); asalariados de servicios domésticos, transporte, sanidade e outros. A ocupación que máis medrou ata 1920 foi a de criada (150, 157, 198, 224, 169), tendendo a baixar despois. O resto de ocupacións parecen acusar o efecto das crises demográficas no 1890, pero soben con seguridade a partir de aquí (158, 171, 140, 156, 211).

Foi necesario illar ós **estudiantes**, porque é un grupo especial que pode prestarse a ocultacións segundo como se fixeran os respectivos padróns e ademais porque a súa enorme subida de 1890 e posterior (58, 24, 822, 978, 1204) alteraría a visión real de calquera conxunto.

Nas **administracións públicas** (tamén **sector terciario**) o número de persoas tende a manterse estable, sobre todo se o vemos porcentualmente. Móvense entre o 3,84% de 1840 e o 3,23% de 1890. No 1935 aínda que a cifra absoluta é a maior, 203, a porcentaxe quedase intermedia no 3,45%.

As **amas de casa** merecen ser illadas nunha categoría aparte porque o seu número non é real, por defecto, no 1840 nin no 1865 e quizais tampouco no 1890. Pero, sobre todo, no 1840 está claro que hai máis de 181 amas de casa e que as non sinaladas están agochadas no 57,39% de poboación que aparece sen oficio especificado: esto queda demostrado ó comprobar o comportamento simétrico (oposto) das dúas gráficas.

En canto ós **marxinados** (cegos, asilados, dementes, enfermos, imposibilitados, inútiles, mendigos, etc.) cando figuran menos é no 1840, soamente 9, para acadar a cifra máis alta xa



no 1865, 213, por efecto da grande crise de 1853-55, unha crise xeral en boa parte de España⁹. A partir daqui hai unha certa estabilización con tendencia final a baixar, oscilando entre 91, 102 e 56 no 1890, 1920 e 1935 respectivamente.

En resume, o sector máis en alza, sobre todo desde 1890, é o terciario, particularmente no que respecta ós servizos, seguido do comercio a un nivel moi inferior e con tendencia moi pequena a subir na longa duración e sen altibaixos.

Despois, cabe falar dunha estabilidade xeral do sector primario, coa subida conxuntural de 1890, e das administracións públicas, deixando aparte a subida de 1865, e mesmo supoñemos que tampouco deberon variar moito as amas de casa, a pesar das cifras tan dispares dos padróns. Finalmente, chama a atención a caída progresiva do sector secundario, o dos artesáns, desde 1865, para estabilizarse por abaixo desde 1920.

I.- A ELITE URBANA

1.1. Propietarios e rendistas agrarios


Están integrados nas denominacións «**hacendado/a**» e «**propietario/a**», se ben poden engadirse outras máis («propietaria y panadera», «propietario y abogado», «propietario y comerciante de vinos», etc.).

⁹NADAL, Jordi. Op. cit., pp. 149 e ss.

OS FACENDADOS DE BETANZOS NO 1840									
"hacendados"	Natural	Idade e estado	Barrio	Rúa	Esposa/o	fillos	outros	criados	total casa
D. Manuel Domínguez	Betanzos	67 c	Puente Viejo	Aira Vieja, 15	Dª Antonia Espiñeira (49 a)	2	-	1	5
D. Roque de Ponte	" "	30 s	" "	" " 19	-	-	2	1	4
Dª Josefa de Puza	" "	34 s	" "	Nuestra Señora, 11	-	-	-	3	4
D. Juan da Fraga	" "	30 c	" "	" " 34	Dª E. Menéndez (22 a)	2	-	1	5
D. Antonio Iglesias	" "	44 c	" "	" " 45	Dª Teresa Riobó (37 a)	5	5	-	12
D. Pedro González Moreno	Vivero	67 v	Rúa Nueva	Cachilás de Arriba, 12	-	6	-	1	8
D. Francisco Patiño	Mezonzo	50 c.	" "	Rúa Nueva, 43	Dª Mª Sánchez (50 a)	3	-	2	7
D. Francisco de Ponte	Cos	62 c	" "	1ª del Atrio, 1	Dª Juana Vaamonde (50 a)	7	-	1	10
D. Manuel Corral	Mondego	40 c	" "	Cachilás de Arriba, 9	Dª Mª Sánchez Espiñeira (45 a)	-	1	1	4
D. Pedro de Brañas	Betanzos	72 c	" "	Plazuela de las Casas Viejas, 12	Dª Mª Vilarinho (62 a)	5	-	1	8
D. Manuel de Castro	Betanzos	44 c	" "	Pza. Constitución, 7	Dª Micaela Piñeiro (30 a)	1	-	3	6
			S. Francisco	Herrerros, 41			-	3	6
D. Gabriel Pita da Veiga	Betanzos	60 v	" "	" " 1	-	4	-	2	7
Dª Jacoba González	" "	66 v	" "	" " 6	-	4	-	2	7
D. José de Leis	Brexo	69 c	" "	" " 7	Dª Benigna Cordido (36 a)	1	-	1	4
D. Ramón Fernández	Cullerg.	64 v	" "	" " 9	-	1	4	-	6
D. José Portal	Pomed.	44 c	" "	" " 20	Dª Mª Montenegro (37 a)	5	-	1	8
D. Froilán Troche y Zúñiga	Santiago	40 c	" "	" " 40	Dª Carmen Rodríguez (33 a)	6	-	2	10
Dª Andrea Riobó	Obre	60 v	" "	2ª de Noas, 1	-	-	-	1	2
Dª Rosa Freire	Caranteola	54 v	" "	" ", 19	-	1	-	2	4
D. Gregorio Amenedo	Sarandones	41 c	" "	Rúa Traviesa, 23	Dª Benigna Serbiño (35 a)	2	-	1	5
D. Joaquín Blanco	Betanzos	46 c	" "	Manz. de la R. Trav., 1	Dª Dolores Villanueva (38 a)	6	-	-	8

Elaboración: Alfredo Erias a partir do "Padrón General de Almas" de 1840 (AMB).

O paso do tempo tamén trae consigo novas preferencias nas denominacións. Así, no 1840 todos, 23, son «hacendados/as», mentres que no 1865 hai 33 «hacendados», pero ademais 50 «propietarias» e 51 «propietarios». Ata aquí poderíamos pensar, con razón, que non é o mesmo facendado que propietario, pero no 1890 só aparecen 2 «hacendados» (un home e unha muller) e nada menos que 195 «propietarios», o que implica que moitos



dos antes chamados «facendados», denomínanse agora «propietarios». Por outra parte, no 1920 xa desapareceu a alusión a facendados e só quedan como derivación deles 5 «rentistas» (4 homes e 1 muller) e despois, 72 propietarias, 72 propietarios e 1 «propietario y maestro nacional». Xa no 1935, só aparecen «propietarios»: 32, curiosamente unha cifra equiparable ós facendados de 1840 e 1865. Evidentemente a subida tan enorme de 1890, en que aparecen 204, e de 1920, con 150, indica criterios diferentes na confección dos padróns: sen dúbida, neses números tan altos están xentes da elite, pero tamén outras persoas moi afastadas dese nivel. Só unha ulterior análise poñerá a cada quen no seu lugar.

Desde logo, os facendados si están nesa elite e, en moitos casos, sobre todo no 1840 e 1865, representan o poder antigo dos fidalgos, categoría da que proceden todos ou case todos (comprobamos no 1840 e 1865 que deles saen os alcaldes e altos persoeiros da vida pública municipal), pero está claro que o trastoque na terminoloxía que vemos a partir de 1890 é un reflexo dos cambios sociais que se están a producir en toda España e que supoñen o acochamento dos vellos fidalgos e a subida dos burgueses, que se enriquecen a través de fábricas, bancos, etc., aínda que tamén se comproba un aburguesamento aparente (adaptación á nova imaxe do poder) dos vellos fidalgos¹⁰.

Tódolos facendados de 1840 teñen o tratamento de «Don», que aínda conserva un valor simbólico importante na delimitación dos grupos sociais, pero nos padróns seguintes que aquí se estudian xa non aparece, aínda que sabemos que outras fontes paralelas, sobre todo no 1890 («Matricula Industrial...»), si o conservan e, polo tanto, iso quere dicir que a estas alturas o «Don» mantiña algo do seu significado como específico da elite.

Os vellos facendados preferían vivir nos barrios da Rúa Nova e San Francisco, pero xa no 1890 a preferencia é o Campo (aínda que San Francisco e a Rúa Nova sigan presentes), fenómeno que se mantén no 1935. O feito de vivir en certas rúas antigas (a Praza da Constitución, a Rúa dos Ferreiros, a Rúa de San Francisco, o Valdoncel...) perde paulatinamente o valor simbólico que tivo secularmente. O marcha cara ó Campo significa, por unha parte que os vellos propietarios se aburguesan e, pola outra, que os burgueses

¹⁰ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo. «Fidalgos das Mariñas: Os Leis de Lema e Mondoí». *Anuario Brigantino* 1996, nº 19. «Addenda sobre os Leis». *Anuario Brigantino* 1997, nº 20.

se fan propietarios. Porque o Campo da Feira é o punto de chegada da modernidade: tódalas novidades pasan antes que por ningún sitio polo Campo: alí se cruzan os camiños e estradas e están as xentes que veñen de todas partes.

A análise rápida duns poucos destes facendados de 1840 xa nos falaría inmediatamente da súa importancia de cara á detentación do poder nun senso amplo.

D. Gabriel Pita da Veiga vémolos xa en decembro de 1820 como «Alcalde segundo constitucional y juez de 1ª instancia interino por ausencia del propietario». Máis tarde sería «Alcalde Presidente» (o primeiro despois do último correxidor) desde o 12-X-1835 ata o 22-II-1836. Era por ese tempo Capitán retirado de Infantería.

D. Froilán Troche y Zúñiga era administrador do Conde de Taboada e escribiu *El Archivo Cronológico-Topográfico: Arte de Archiveros* (1828), así como *El cazador gallego con escopeta y perro* (1834). Foi membro do Concello en varias ocasións...

D. José de Leis era un dos fidalgos máis poderosos de Betanzos¹¹. Tiña unha enorme cantidade de terras, integradas arredor de dous «partidos» con sendos pazos: o de Santa Cruz de Mondoí (Oza dos Ríos) e o de Lema (Brexo, Cambre). O seu fillo, **D. Agustín Leis Cernadas** sería deputado a Cortes e os fillos deste, **D. Calixto** e **D. Agustín Leis Ponte**, alcaldes da cidade.

Unha incursión nos datos de 1890 volve testemuñarnos o gran peso social e económico dalgúns destes chamados agora «propietarios»¹².

¹¹ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo. «Fidalgos das Mariñas...» Op cit.

¹²Así, por exemplo, **D. Claudio Ares Lorenzo** foi Alcalde accidental co industrial **D. Antonio Núñez Piroto** (1894-95) e Alcalde propietario entre o 1-VII-1895 e o 10-II-1896. O Gobernador suspendeuo como Alcalde por exercer ó mesmo tempo os cargos de recaudador de consumos nos concellos de Cesuras e Bergondo.

D. Ignacio Dans Pita foi Alcalde accidental con **D. César Sánchez San Martín** (1886-1891) do Partido Liberal.

D. Agustín Leis Cernadas era fillo do fidalgo **D. José Francisco de Leis Vermúdez** e da súa segunda muller, **Dª Benigna Cernadas Cordido y Brandariz**. A pesar da lei de desvinculación de 1841, herdou case todo o vello vínculo dos Leis (as 3/4 partes) no 1851 (seu pai morreu arredor de 1849), logo dun voluminoso pleito. As súas posesións abarcaban casas e terras en numerosas parroquias arredor dos pazos de Brexo («Partido de Lema») e de Santa Cruz de Mondoí («Partido de...»). Estudiu en Madrid e en Santiago e era avogado. Como político foi deputado a Cortes (1865...), pagando de contribución nese ano, 5.300 reais nos concellos de Betanzos, Cambre Cesuras, Coirós, Oza e Santiago. Boa parte dos seus discursos nas Cortes son para pedir pensións a diversas persoas, aínda que tamén trata os temas do Ferrocarril, Goberno das provincias, institutos de segundo ensino, etc. Serán Alcaldes da cidade os seus fillos **D. Calixto Leis Ponte** (1-I-1894 / 1-XII-1894 e 1-I-1906 / 11-III-1912) e **D. Agustín Leis Ponte** (1-I-1916 / 13-X-1917 e 8-XII-1917 / 1-IV-1920).

D. José Mª Miño Manibesa foi Alcalde accidental con **D. César Sánchez San Martín** (1886-1891) do Partido Liberal.

D. Domingo Núñez Taboada foi Alcalde accidental con **D. Agustín Valderrama Iglesias** (1881-82).

D. José Penedo López foi Alcalde accidental con **D. César Sánchez San Martín** (Partido Liberal) entre 1886 e 1891.

D. José Ildefonso Portal Montenegro figura como un dos grandes benefactores da cidade (*Sociedad de Seguros Mutuos de Artesanos*, ensanche da Porta da Vila...).

D. Manuel Sánchez Cordero, avogado, é neto do fidalgo **D. Ramón Sánchez Espiñeira** (Alcalde en 3 etapas entre 1836 e 1842). Foi Alcalde propietario (1-VII-1879 / 28-III-1881) e Alcalde interino desde marzo de 1884 ata agosto dese ano. Tamén foi «Juez de este término» para o bienio VII-1885 / VII-1887. Á morte, en maio de 1897, do notario, xefe do Partido Conservador e tamén propietario, **D. Juan Arines Montenegro**, herdaría del a xefatura local deste partido, con pouco éxito. O seu fillo **D. Antolín Sánchez Valeiro** tamén sería Alcalde (1914-15 e 1917), así como o seu bisneto, **D. Antolín**

Resumindo, aínda que resten moitos propietarios por analizar, só estas notas son xa ben demostrativas de que é neste grupo onde se concentra boa parte do poder económico e político, reproducíndose ademais na longa duración, cando fillos, netos e demais familia seguen ocupando postos de poder fundamentais da cidade. É o caso dos Sánchez nas súas dúas ramas, a liberal dos Espiñeira e a conservadora dos Cordero. E o mesmo poderíamos dicir dos Leis ou dos Montoto-Romay.

1.2. Empresarios e directivos superiores

Neste apartado, os distintos padróns non nos dan tódolos datos precisos, debido a que algúns persoeiros da elite social, empresarios industriais sobre todo, teñen as súas fábricas, e mesmo as vivendas, máis aló dos límites dos clásicos cinco barrios. Eso non impide que outras fontes documentais, como a matrícula da contribución industrial, os teñan presentes. As industrias de curtidos son as máis significativas, pero o cualificativo de «curtidor» non sempre responde a persoas da elite, cousa que comprobamos nalgún caso de 1935. O número deles vai de 2 no 1840 a 1 no 1865-1890, a 2 no 1920 e a 4 no 1935.

Así, por exemplo, no 1840 aparecen no padrón dous curtidores, **José Aguiar** e **Manuel Bermui**, dos que dubidamos da súa exacta categoría social, mentres que non aparece **D. Marcelino Etcheverría**, que fundou a «Fábrica de curtidos la Magdalena» no 1837 e que debía ser xa un dos homes máis poderosos da cidade e comarca, mercando gran cantidade de terras e detentando a dirección dun banco, que aínda hoxe permanece. A fábrica tiña «... 9 noques, 761 pieles y dos lechales en que reciben la última acción curtiente»; «un molino para triturar corteza y fruto tres meses al año»¹³. Hai que engadir unha «fábrica de loza ordinaria con horno de diez metros cúbicos de capacidad», tamén en San Pedro das Viñas a nome de **D. Marcelino Etcheverría Vila** (1890). Cando repasamos a contribución industrial de 1890, vemos que está encabezada precisamente polos chamados «**Hijos de Domingo Etcheverría**»¹⁴ e por **D. Marcelino** con 920,76 pts., a moita distancia do segundo (un vendedor de aceite ó por maior, **D. Andrés Arribe**) con 641,11 pts.

Sánchez Presedo (1883-85). Tamén serían Alcaldes, o seu tío **D. Francisco Sánchez Mirás** (varias veces entre 1846 e 1875) e o seu primo, **D. César Sánchez San Martín** (varias veces entre 1882 e 1905) e os fillos deste, **D. César Sánchez Díaz** (1912-14) e **D. Adolfo Sánchez Díaz** (varias veces entre 1922 e 1931). Finalmente, aínda sería Alcalde o fillo de D. César Sánchez Díaz, **D. Ramón Sánchez García** (1976).

D. César Sánchez San Martín, a quen xa se aludiu, era neto de D. Ramón Sánchez Espiñeira e fillo do avogado e Alcalde D. Francisco Sánchez Mirás. Foi tamén Alcalde (13-II-1882 / 25-II-1884, 2-I-1886 / 1-VII-1891, 1-VII-1899 / 15-XII-1905). É primo do Alclade D. Manuel Sánchez Cordero. Pertence ó Partido Liberal que lidera o seu parente, o avogado e deputado **D. Agustín García Sánchez**.

D. Agustín Valderrama Iglesias era notario, «Gefe Honorario de Administración Civil» e Alcalde (2-IV-1881 / 23-I-1882). Presumiblemente do Partido Liberal.

D. Manuel Villuendas Cagide trouxo a Betanzos desde Carballo, no 1859 a «Imprenta Villuendas». O seu fillo, **D. Manuel Villuendas Pena** será concelleiro e Alcalde accidental con **D. Víctor Montoto Arias** no 1931 e 1932. Mesmo aparecerá o 18-X-1834 como «Delegado gubernativo de este municipio».

¹³Subsidio industrial y de Comercio» (AMB) de 1878.

¹⁴A descripción que aquí aparece é a seguinte: «Fábrica de curtidos en noques pilos o recipientes que en la actualidad sirven para la fabricación de pieles de ganado vacuno y caballar, la capacidad total [es] de 141 metros cubicos, de los cuales contribuyen solamente al pago del tributo 47 metros cúbicos que tienen los noques llamados de asiento y en donde las pieles estendidas y por capas alternadas reciben la última acción de la materia curtiente, pues los 94 metros cúbicos restantes pertenecen a pilos de mudanza... en donde se preparan las pieles para pasar a aquéllos, por cuya razón se hallan exentos de

D. Juan Pedro Lissarrague Etchard é outro home de peso na economía e na política local que tampouco aparece no padrón de 1890, porque vivía no Carregal (parroquia de San Pedro das Viñas) onde tiña tamén a súa fábrica de curtidos «... de 6 noques, 394 pieles y 15 lechales en que reciben la última acción curtiente»; «un molino para triturar corteza y fruto 3 meses al año»¹⁵. No *rankin* da contribución industrial de 1890 aparece en 3º lugar. No Concello terá unha longa presenza en distintas corporacións municipais, sendo Alcalde accidental co liberal D. César Sánchez San Martín (1886-1891), entre 1898 e 1899, logo do cese de D. Claudio Ares Lorenzo, e entre 1906 e 1912 con D. Calixto Leis Ponte.

Don Salvador Montoto Varela, que tampouco o vemos en ningún padrón, aínda que no 1890 ten unha irmá na rúa Quiroga, 26, é dono no 1878 dunha fábrica de curtidos de «... 4 noques, 280 pieles y 6 lechales»; «1 molino para triturar corteza» en Tiobre, quizais a que tivo na Xerpe ou a que se ve hoxe ruín en Caraña de Abaixo, nos Pelamios, e que pasaría en arrendamento a un dos irmáns Mendiburen.

Tivo Don Salvador unha presenza política importante, sendo o primeiro Alcalde do sexenio revolucionario (1-X-1868 / 7-XII-1868) e repetindo, entre o 11 de xaneiro e o 11 de marzo de 1874, logo do golpe do Xeneral Pavía (3-I-1874) que rematou coa Primeira República, e en espera da Restauración Monárquica que non tardaría en chegar.

Don Bautista Mendiburen Etchevestre aparece no 1878 rexentando outra fábrica de curtidos na zona de Roibeira en Requián, de «... 4 noques de 1ª y de 2ª lechales»; «un molino para triturar corteza». E no 1890 quen figura como curtidor é, probablemente, o seu fillo, nado en Betanzos e que daquela tiña 26 anos, **D. Bautista Mendiburen Torres**, que vive con tres irmás na Rúa Nova, 4.

Na matrícula da contribución industrial de 1890 aínda atopamos outra fábrica de curtidos, que ten á fronte unha muller, **Antonia Naveira García** (sen «Don»). Curiosamente no padrón aparece co oficio de «gobierno de casa», vivindo na rúa da Marina, 85, de 59 anos e analfabeta ¿Como íamos sospeitar que rexentase algún tipo de industria? Pero é así e a citada matrícula dinos o seguinte: «Tegedora de lienzo con telar de ... ó volante. Fábrica de curtidos en que se curten en noques pieles de ganado vacuno por el sistema llamado de asiento en donde las pieles estendidas por capas alternadas reciben la última acción de la materia curtiente, la capacidad... de 92,25 metros cúbicos en pilos de mudanza auxiliares de los anteriores ó sea de los que sirven para preparar las pieles antes de pasar a aquéllos una cantidad total de 219,5 metros cúbicos...» Non sabemos se esta fábrica está tamén na Ribeira, onde ela vive. De tódolos xeitos, de contribución industrial paga pouco, só 8,12 pts. (a 222º do *rankin*, no que hai 237).

É evidente que esta Antonia Naveira García, a pesar da súa fábrica e do seu tear, de estar na elite social habería que situala, ou ben nas capas inferiores, ou mesmo cos autónomos.

No 1935 aparecen máis curtidores, 4 en activo e 1 retirado. Pero xa non son os mesmos tempos, a industria dos curtidos está en declive e a principal fábrica, a dos Etcheverría, non funcionaba desde finais da Primeira Guerra Mundial: o ferrocarril Betanzos-Ferrol inutilizou desde 1906 o seu peirao de atraque e, posteriormente, as dificultades derivadas da Primeira Guerra Mundial para as importacións de peles, remataron a súa historia.

pago de tributo, por ser dicha capacidad solamente el doble de la que arrojan los mencionados noques de asiento». Segue habendo un muíño para tritura-la casca.

¹⁵«Subsidio industrial y de Comercio» (AMB) de 1878.

Por outra parte, é preciso distinguir entre os curtidores como empresarios, que evidentemente acostuman ser xente poderosa, dos curtidores como obreiros en distintos grados de especialización. Por exemplo, os curtidores de 1935 deben pertencer a este grupo. Os catro en activo que coñecemos son: **Pío Guerra Sánchez, Ángel e Santiago Guerra Guerra e Jesús Pérez Prieto**. O curtidor retirado era **Ramón Sanjurjo Acea**. Sen máis datos, de momento non podemos aventurar a penas nada sobre a importancia social desta xente, aínda que ó non corresponder con nomes que coñecemos de industriais dos curtidos na zona, reiteramos a nosa impresión de que se trata de obreiros máis ou menos cualificados e, polo tanto, en modo algún haberá que consideralos dentro da elite.

Un exemplo da decadencia destes curtidores técnicos neste momento témolo en **Petronilo Martínez Crespo**, un técnico curtidor de 47 anos (nacera en Izagre, León) que chegou a Betanzos arredor de 1932 para traballar de encargado especialista na fábrica de curtidos de Caraña, pero ó pouco tempo esta pechou e no padrón de 1935 xa o vemos co oficio de «churrero» que mantivo durante moitos anos. Así, traballando frecuentemente diante do Cine Alfonsetti, mantivo á súa familia, composta pola súa dona, Juliana Guerra Bernardo e por catro fillos: Francisco, Eugenia, Pedro, Alejandro, Petronilo e Andrés. Curiosamente este último chegou a ser, a pesar da humildade da familia no aspecto económico, Alcalde accidental no 1978-79, e con intermitencia desde 1983, concelleiro de Alianza Popular (logo, Partido Popular), sendo o cabeza de lista D. Jaime Pita Varela, que rexenta precisamente o Alfonsetti, con seu irmán D. Emilio.

Como curtidor, e de xeito caseiro, Petronilo Martínez Crespo, paralelamente ó oficio de «churrero», aínda seguiu curtindo peles, con axuda dalgún dos seus fillos, na casa onde vivían na Rúa de Nosa Señora do Camiño, nº 17.

Se botamos unha ollada cara atrás, empezando no 1840, os **Núñez** aínda non subiran á parte alta e máis elitista da cidade, esa onde a finais do s. XIX teñen o banco e unha fábrica de chocolate e que está preto do Concello: unha casona (hoxe sede da Fundación CIEC), pegada ó pazo de Bendaña e fronte a outros pazos antergos. Os Núñez no 1840 estaban aínda no nº 19 da «Calle de Sobre las huertas», no popular barrio da Fonte de Unta, onde predominaba o carácter labrego da xente, aínda que eles xa eran persoas de importancia económica e social. Alí vivía **D. Agustín Núñez**, de 48 anos, casado con **D^a Andrea Taboada**, de 40. Por ese tempo tiñan nada menos que 10 fillos. Os dous maiores aparecen co oficio de «curial», D. Agustín e D. José, de 20 e 15 anos. Os demais eran (todos con «Don»): Juana, Antonio, Marcial, Pastor, Benigna, Eladio, Rosa e Tomás (éste de 1 ano)¹⁶.

¹⁶De orixe fidalgo, o cabeza desta familia, D. Agustín, debía ter nese tempo unha importante posición económica e mesmo política, posto que xa o vemos desde as dúas décadas anteriores formando parte de corporacións municipais en papeis destacados. Así, en pleno Trienio Constitucional, exerce como «Alcalde segundo...» do 2 ó 6 de xaneiro de 1823, sendo o primeiro o conde de Taboada, D. Manuel Roldán y Gil. Volve presidir como «Alcalde segundo constitucional» do 24 de xaneiro ó 14 de febreiro de 1823, sendo Alcalde primeiro, D. Antonio Noguero. E tamén ostentará o mesmo cargo entre o 22 de febreiro e o 10 de xullo de 1823, logo que o Alcalde primeiro, D. Pedro de Brañas, fora «exonerado» polo xefe político. Desde logo, no 1823 a presenza de D. Agustín Núñez é permanente como Alcalde segundo, mentres os Alcades primeiros pasan con brevedade. Segundo isto, estaríamos diante dun liberal de peso. El será, curiosamente, a última máxima autoridade do concello antes da entrada das tropas do Duque de Angulema en Betanzos o 14 de xullo de 1923, que deron por rematado o Trienio Constitucional na cidade.

A partir desta data aínda volveremos ver a D. Agustín Núñez como Alcalde accidental no 1845-47, sendo «Alcalde Presidente» D. Juan María Ramos Chas. Máis adiante, un parente seu, o avogado D.

Cando un século máis tarde, no 1935, vemos quen son os banqueiros da cidade, atopámonos con **D. Agustín Núñez Díaz** e **D. Domingo Etcheverría Naveira**.

Ezequiel Núñez López tamén será Alcalde accidental no 1869-73 con D. Francisco Sánchez Mirás, e no 1875-79 con D. Salustiano Caramés García. Ocupa na contribución industrial de 1890 o 29º lugar, pagando 151,48 pts. Pola súa parte, D. Jesús Núñez López será Alcalde accidental no 1895-98 con D. Claudio Ares Lorenzo. Un dos seus fillos, **D. Antonio Núñez Taboada** verémolo no 1890 como «propietario» e xa vivindo na casa da Praza da Constitución (daquela adscrita á rúa de Sánchez Bregua). Está casado con **Enriqueta Piroto Duarte**, de 50 anos, de Buenos Aires e aparecen vivindo con eles os seus fillos, Enrique, estudante de Farmacia (22 anos) e Hersilia (17 anos). O fillo maior, de 28 anos e nado en Montevideo, era **D. Antonio Núñez Piroto**, que figura como «comerciante» e que será Alcalde da cidade do 3-XII-1894 ó 1-VII-1895. Estaba casado con **Carmen Díaz Teijeiro**, de Ortigueira, e teñen nese 1890 tres fillos: Agustín (o banqueiro de 1935), de 4 anos, Antonio (de 1 ano) e Carmen (de menos de un ano). Na casa teñen unha criada, de 60 anos, de Reboredo. Será algún dos seus fillos o que tomará o seu relevo na política local, pero nun segundo plano. Así, **D. Domingo Núñez Taboada** aparece como Alcalde accidental no 1881-82 con D. Agustín Valderrama Iglesias.

A contribución industrial de 1890 déixanos ver outros fillos do vello D. Agustín: **D. Pastor Núñez Taboada**, por exemplo, ten un establecemento de «objetos de ferretería na rúa de Roldán, 5, polo que paga 243,46 pts, o que supón o 8º lugar de importancia en toda a cidade; **D. Antonio Núñez Taboada** ocupa o 15º lugar como «vendedor de tejidos al por menor» na rúa de Sánchez Bregua, 2, pagando 202,89 pts. O seu parente, D. Raimundo Núñez Codesal ocupa o lugar 11º polo seu establecemento de «objetos de ferretería» en Sánchez Bregua, 13. E D. Jesús Núñez López, o 40º como «vendedor de cristal al por menor», pagando 121,73 pts.

«ABOGADOS» 1840, 1865, 1890, 1920 e 1935
(nome / rúa / idade / natural de)

«Abogados» no 1840

Arias Uribe, D. José, Plateros 16, 46, Betanzos
García Rodríguez, D. Ramón, Campo... 23, 36, Bet.
García Rodríguez, D. Ramón Mª, Campo... 23, 25, Bet.
Montoto, D. Tomás, Sobre la Muralla 3, 49, Villosás
Pérez, D. Pedro, Campo de la Feria 15, 60, Regueira
Sánchez Vaamonde, D. José, Campo... 2, 40, Bet.

«Licenciados en Leyes» no 1840

Martínez Del Río, D. Celestino, Plazuela del Horno 3, 32, Coruña
Pena, D. Agustín da, Arriba Puente Nuevo 4, 35, Bet.
Sánchez Espiñeira, D. Ramón, Cachiñas de Arriba 10, 63, Aranga

«Abogados» no 1865

Caramés García, D. Sebastián, Campo 7, 24, Bet.
Castro Ares, D. Jacinto, Fuente Unta 19, 24, Bet.
Castro Gutiérrez, D. Angel, Cachiñas Abajo sn, 31, Cor.
Couceiro Paredes, D. Manuel, Plaza sn, 29, Bet.
Martínez del Río, D. Celestino, Rúa Traviesa 7, 59, Bet.
Pedreira, D. Jacobo, Rúa Traviesa 39, 33, Bet.
Peón Rodríguez, D. Baltasar, Campo 11, 27, Bet.
Ramos Quiroga, D. Marcial, Plaza 9, 27, Bet.
Rodríguez Rilo, D. Manuel, Campo 5, 41 Puerto Marín
Vázquez Cordido, D. Juan, Herreros 6, 26, Bet.
Vázquez Illá, D. Antonio, Plaza 13, 32, Bet.

«Abogados» no 1890

Barús Lavandeira, Víctor, Hórreo 2, 25, Bergondo
Castro Ares, Manuel, Monjas 6, 36, Bet.
Cordero García, Benito, Sánchez Bregua 8, 65, Bet.
García Sánchez, Agustín, Pza. Cassola 8, 38, Bet.
García y García, Manuel, Rúa Nueva 7, 39, Bet.
Leis Ponte, Calixto, Valdoncel 2, 23, Mondoí
López y Ares, Maximino, Sánchez Bregua 11, 31, Bet.
López y Ares, Rafael, Sánchez Bregua 11, 31, Bet.
Morais Arines, Ricardo, Pza. Cassola 18, 40, Tuy
Naveira y Pato, Antonio J., Pza. Cassola 1, 29, Bet.
Naveira y Pato, Víctor, Pza. Cassola 1, 26, Bet.
Núñez López, Ezequiel, Pza. Cassola 19, 45, Bet.
Rodríguez Rilo, Manuel, Pza. Cassola 40, 62 Porto Marín
Sánchez Cordero, Manuel, Valdoncel 16, 43, Bet.
Vaamonde Ponte, Manuel, Lanzós 1 y 3, 33 Porzomillos

«Abogados» no 1920

Barús Labandeira, Víctor, Hórreo 2A y 4, 57, Bergondo
Borondo Sánchez, Rogelio, Avda. de Linares Rivas 6, 24, Argentina
Corral Castro, Agustín Monjas 27, 27, Betanzos
Costas Amenado, Fabián, Quiroga 10, 56, Betanzos
Etcheverría Naveira, Marcelino, Praza Arines 38, 24, Betanzos.

>>>

D. Agustín Núñez Díaz vive na Praza da Constitución, nº 3, piso 2º coa súa muller Araceli Corral Castro (os dous teñen 46 anos) e os seus fillos, Agustín (15 anos), Emilia (13 anos), Araceli (11 anos) e Pilar (8 anos). Ten dúas criadas (solteiras), unha de Betanzos, de 49 anos, Antonia Iglesias Corral, e a outra de Abegondo, de 27, Mª Antonia García Mazás.

Por outra parte, a casa dos Núñez, que aínda hoxe ten o letreiro, «Hijos de A. Núñez, Corresponsales del Banco de España» (ese «A. Núñez» é **D. Antonio Núñez Pirotto**, pai deste D. Agustín Núñez Díaz) fora reconstruída de maneira ostentosa, segundo plano de 1923 do arquitecto Rafael González Villar, que deixou alí unha proba máis do seu persoal estilo postmodernista. Pero este D. Agustín Núñez Díaz non aproveitou os anos da postguerra e, ó parecer máis preocupado por cuestións relixiosas que polos negocios, levará á decadencia o próspero banco que formara seu pai a finais do s. XIX en paralelo ás «Industrias Núñez» de madeira e electricidade, á beira da Ponte Nova. Claro que no 1935 nada disto pasara aínda, e D. Agustín era daquela unha das máis poderosas persoas da cidade.

O outro banqueiro que no 1935 existe na cidade é **D. Domingo Etcheverría Naveira**. Vive na casa nº 38 da Praza dos Irmáns García Naveira. Ten 46 anos e está casado con **dona Asunción de la Muela Sierra**, de 29, coa que ten nese tempo tres fillos: Asunción (5 anos), Francisco (2) e Mª Cruz (1). Foi Alcalde de Betanzos, cidade na que naceu, do 1 de abril de 1920 ó 1 de abril de 1922 e tamén do 15 de xaneiro de 1923 ó 1 de outubro do

García Sánchez, Agustín, Valdoncel 24, 70, Betanzos
 Gómez Navaza, Juan, Valdoncel 64, 51, Betanzos
 López Ares, Maximino, Sánchez Bregua 11, 61, Bet.
 López Ares, Rafael, Sánchez Bregua 11, 59, Betanzos
 Martínez Baladrón, Arturo, Praza de Arines 8, 37, Ribadavia / transeúnte Buenos Aires residencia
 Martínez Teijeiro, Manuel, Valdoncel 32, 56, Betanzos
 Naveira Pato, Víctor, Praza de Arines 1, 55, Betanzos
 Núñez López, Ezequiel Praza de Arines 19, 78, Bet.
 Pérez Serrabona, Juan, Praza de Arines 13, 40, Vélez Rubio (Almería)
 Romay Montoto, Emilio, Praza de Arines 37, 24, Bet.
 Sánchez Díaz, César, Plaza Constitución 4, 37, Bet.
 Sánchez Valeiro, Antolín, Valdoncel 16, 38, Aranga
 Sánchez Valeiro, Benito, Sánchez Bregua 8, 37, Bet.
 Valderrama Arias, José, Praza de Arines 39, 58, Bet.

«Abogados» no 1935

Alvarez García, Manuel, Valdoncel 24, 27, Bet.
 Corral Castro, Agustín, Monjas 27, 42, Bet.
 Curiel Rodríguez, Alfredo, Ribera 143, 41, Bet.
 García Páez, Raimundo, Rúa Nueva 8, 34, Bet.
 González Rodríguez, Luis, Valdoncel 20, 38, Lugo
 López Da Torre, Bernardo, Valdoncel 29, 24, Bet.
 López da Torre, Tomás, Valdoncel 29, 35, Bet.
 Romay Montoto, Emilio, Sánchez Bregua 5, 38, Bet.
 Sánchez Díaz, César, Hnos. García 21, 52, Bet.
 Sánchez García, Agustín, Hnos. García 21, 25, Bet.
 Sánchez Suárez, Julio, Rúa Traviesa 24, 41, Bet.
 Sánchez Valeiro, Antolín, Valdoncel 16, 53, Aranga
 Sánchez Valeiro, Benito, Ribera 145, 52, Bet.
 Varela Franco, Juan, Hnos. García 6, 31, Coruña

«ESCRIBANOS» 1840, 1865, 1890, 1920 e 1935 (nome / rúa / idade / natural de)

«Escribanos» no 1840

Bara, D. Antonio, Puerta de la Ciudad 5, 59, Betanzos
 Beleiro, D. Antº, Nª Sª del Camino 61, 40, Sta. Eulalia
 Blanco, D. Simón, 2ª De Noas 3, 28, Betanzos
 Caramés, D. Antonio, Campo de la Feria 21, 26, Bet.
 Castro, D. Francisco, Plateros 15, 23, Sobrado
 Codesido, D. José, 3ª De Clérigos 10, 34, Betanzos
 Correa Corral, Benito, 1ª Del Atrio 3, 15, Betanzos
 Couceiro D. Manuel, De La Plaza 2, 34, Betanzos
 Couceiro y Andrade, D. Pedro, Rúa Nueva, 50, Rodeiro
 García Couceiro, D. Ramón, Campo... 26, 28, Bet.
 González, D. Ramón, Cachiñas de Abajo 6, 36, Bet.
 Losada, D. Apolinario, Campo...16, 50, Sarandones
 Meás, D. Jose Domingo, San Francisco 11, 36, Betanzos
 Montenegro, D. Vicente, Sobre La Muralla 12, 49, Bet.
 Otero Pereiro, D. Agustín, Cachiñas Arriba 13, 15, Bet.
 Patiño, D. José, Plazuela Casas Viejas 8, 36, Fisteus
 Peña, D. Agustín Da, Arriba Del Puente Nuevo, 35, Bet.
 Peña, D. José Victorio, Arriba de la Ribera 45, 60, Bet.>>

mesmo ano, data na que o Directorio Militar dá por rematadas as funcións desta Corporación: curtas etapas nas que, curiosamente, non figura a súa sinatura nos libros de actas.

1.3. Profesións liberais xurídicas

Pertencen á elite por definición. Só os fillos dos vellos fidalgos e os fillos dos novos ricos burgueses podían permitirse o luxo de facer a carreira de avogado, notario, etc.

Non debemos pasar por alto que, sobre todo no 1890, á beira da palabra «Abogado» tamén podemos atopar «y propietario de fincas rústicas y urbanas». Por outra banda, adoitan ter un papel de importancia non só na vida social en xeral, senón tamén na política¹⁷.

¹⁷D. José Sánchez Vaamonde estivo moi ligado ó Concello. Foi Alcalde accidental con D. Juan M^a Ramos Chas (1846-47) e tamén con D. Ramón M^a González (1848-49). Chegaría a ser Alcalde propietario do 29-VI-1853 ó 24-I-1854. E voltaría a ser accidental con D. Fernando Vázquez Carril (1856-1860).

D. Tomás Montoto debe ser da familia de D. Salvador Montoto Varela, que será Alcalde no 1868 e no 1874.

D. José Arias Uría (Ferrol, 1799, A Coruña, 1873) é o político máis importante e de maior transcendencia de Betanzos no s. XIX. No 1840 vivía na «Calle de los Plateros», nº 16 na compañía de seu pai, D. Angel Arias da Cal, de 80 anos, da súa muller, D^a Josefa Sande, de 36, un fillo de un ano, Víctor, e unha moza de 19, criada de Cullergondo, Francisca Barreiro.

Seu pai, tamén avogado, era dono (polo menos desde 1812) dunha fábrica de curtidos en San Martín de Tiobre. Na década de 1820 estaba á fronte dela o noso personaxe, D. José Arias Uría, que entrará en sociedade con D. Rafael de Lago. Cos importantes beneficios conseguidos, Arias Uría (e tamén Lago) mercará moitos bens raíces e concederá préstamos ós veciños de Betanzos e labregos da comarca (MEIJIDE PARDO, Antonio. «Las

Peón, D. Andrés, Campo de la FERIA 11, 38, Coruña
Pérez, D. Andrés, Campo de la FERIA 15, 89, Regueira
Picado Amor, Juan, 3^a De Clérigos 3, 17, Betanzos
Platas, D. Rosendo, Camino de Castilla 5, 38, Armental
Ramos, D. Blas María, De La Plaza 9, 66, Mondoñedo
Rego, D. Jacino Do, 3^a De Clérigos 13, 30, Betanzos
Río, D. José Del, Arriba de la Ribera 99, 31, Betanzos
Rodríguez, D. José, Cachiñas de Arriba 7, 32, Betanzos
Rodríguez, D. José, Rúa Traviesa 17, 30, Santiago
Salgado, D. Francisco, Campo de la FERIA 18, 38, Betanzos
Tomé, D. Antonio, Campo de la FERIA 35, 52, Lesa
Vidal, D. José María, De La Plaza 1, 38, Rianxo

«Escribanos» no 1865

Arines Montenegro, D. Juan, Campo 24, 38, Miño
Castro, D. Manuel Benito de, Fuente Unta 19, 43, Bet.
Contas Fernández, D. José M., Cachiñas Arriba 10, 33, Bet.
Couceiro Vaamonde, D. Manuel, Plaza sn, 57, Bet.
García Lendoiro, D. Manuel, Pl. del Horno sn, 55, Bet.
Guerrero Montalbán, D. Santiago, C/Plaza sn, 55,
Núñez Taboada, D. Agustín, Rúa Traviesa 10, 41, Bet.
Peón Méndez, D. Andrés, Campo 11, 62, Mellid
Rego Pena, D. Jacinto do, Rúa Traviesa 39, 48, Bet.
Valeiro Varela, D. Pedro, Campo 5, 35, Viña
Vidal Figueiro, D. José M., Campo... 1, 64, Rianxo

«Escribanos» no 1890

Martínez Teijeiro, Manuel, Valdoncel 22, 29, Betanzos

«NOTARIOS» 1890, 1920 e 1935

«Notarios» no 1890

Arines Montenegro, Juan, Pza. Cassola 18, 66, Miño
Valeiro Varela, Pedro, Pza. Constitución 11, 55, Viñas

«Notarios» no 1920

Valderrama Arias, Víctor, Pza. Constitución 11, 53, Bet.
Pérez Alonso, Emilio, Roldán 1, 64, Puenteareas
Teijeiro González, Ramón, Ribera 153, 55, Betanzos

«Notarios» no 1935

Alguero Penedo, José, Valdoncel 25, 63, Bet.
Pardo Argüelles, Rafael, Valdoncel 7, 46, Tineo (Oviedo)
Ramírez de Arellano Romero, Manuel, Constitución 11,
46, Coruña

«PROCURADORES» 1840, 1865, 1890, 1920 1935

«Procuradores» no 1840

Fajil, D. José, Santa M^a 6, 36, OZA
García, D. José, Sobre la Muralla 14, 60, Villamateo
García, D. José, Cachiñas de Arriba 5, 32, Bet.
Golpe, D. Baltasar, Rúa Traviesa 28, 50, Bet.
Guerra, D. Francisco, Rúa Traviesa 7, 50, Bet.
Martínez, D. José Ventura, Rúa Nueva 1, 50, Bet.
Martínez, D. Melchor, Plateros 3, 50, Bet.
Pandelo, D. Gregorio, 1^a de Clérigos 14, 52, Bet.
Pardo, D. Francisco, Santa M^a 4, 69, Bet. >>>

1.4. Profesións liberais sanitarias

Boticarios ou farmacéuticos, médicos, cirurxiáns, veterinarios... son persoas de gran respecto na cidade, entre outras cousas porque delas depende a saúde da xente e dos

primeras industrias del curtido en Betanzos». *Untia*, 2. Betanzos, 1986, pp. 34-36).

No Concello vémosto xa presidindo accidentalmente sesións no 1933-34, no tempo do correxidor D. Antonio de la Llata Palacios.

Foi elixido deputado a Cortes nas eleccións de 1839, sendo posteriormente tamén elixido nas de 1841, primeiras de 1843 e nas de 1854. Así mesmo, foi deputado provincial no 1843 (Boa parte destes datos e moitos máis poden verse en BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón. «Xosé Arias Uría, un ministro progresista de Betanzos». *Anuario Brigantino 1984*, nº 7, pp. 51 ss.). No 1854 era fiscal da Audiencia de Mallorca e máis tarde maxistrado. O 15 de xaneiro de 1856 foi nomeado Ministro de Gracia e Xusticia por Espartero, cargo que ostentou ata o 14 de xullo dese ano.

Desde os anos de estudante en Santiago mantivo unha fidelidade permanente ó progresismo liberal. Participou en tódolos grandes movementos que tiveron lugar en Betanzos, como reflexo do que pasaba en España. Así, no 1840 foi presidente da Xunta Revolucionaria que cambiou o Concello, e o mesmo pasaría no 1846 cando Solís ocupa a cidade...

O escribano **D. Blas M^a Ramos Chas** era irmán do avogado D. Juan M^a Ramos que será Alcalde no 1845-46, 1846-47 e 1850-51.

D. José M^a Patiño, tamén escribano, foi Alcalde 2º co liberal **D. Celestino Martínez del Río** no 1843-44.

O «licenciado en leyes» **D. Ramón Sánchez Espiñeira** era de Aranga e de ascendencia fidalga. Chegado a Betanzos coa súa muller e os seus fillos, fundará a saga de Alcaldes máis importante en número de toda a historia contemporánea de cidade. Dúas serán as súas ramas: a dos Espiñeira que segue o seu fillo Francisco, e a dos Cordero, que segue o seu fillo Manuel, casado cunha filla de D. Salvador Cordero. Entre todos darán 9 alcaldes ata hoxe por liña directa, sen contar os que houbo en parentes próximos.

D. Ramón Sánchez Espiñeira foi Alcalde de Betanzos do 24-X-1836 ó 9-III-1838, do 4-I ó 27-XII-1839 e do 1-I ó 26-XIII-1842.

O tamén «licenciado en leyes» **D. Celestino Martínez del Río** foi Alcalde do 1-I ó 27-XII de 1841, do 6-I-1843 ó 28-III-1844, do 6-VIII-1854 ó 6-VII-1855, do 4-I-1861 ó 14-IX-1863 e do 28-III ó 19-II-1864. Neste 1864 din del as actas capitulares: «Caballero de la Real y distinguida Orden Española de Carlos Tercero, Rector cesante de la Universidad Literaria de Santiago...»

Os avogados e grandes propietarios **Antonio** e **Víctor Naveira Pato**, que aparecen no 1890, serán no 1906-10, xunto con Salvador Golpe Varela, redactores (e controladores) do semanario betanceiro *La Defensa: Órgano de las Asociaciones de Agricultores...* Un periódico este que representa a tendencia máis tradicionalista e conservadora do movemento solidario, defendendo unha xusta distribución dos impostos e unha solución negociada e moderada a través da redención dos foros (TORRES REGUEIRO, Xesús. «A prensa betanceira (II): De «El Pueblo» a «La Defensa». 1900-1910". *Anuario Brigantino 1984*, nº 7, pp. 63 ss.).

Picado, D. José, Rúa Traviesa 26, 36, Souto
Varela, D. Juan Antonio, Arriba Ribera 101, 62, Fisteus
Verea, D. Manuel, Plateros 6, 33, Salto

«Procuradores» no 1865

Guerra Carballo, D. Ant^o, Cachiñas Arriba 12, 36, Bet.
Lorenzo Villaverde, D. Jacobo, Puente Nuevo 1
4,6, Betanzos.
Martínez del Río, D. Manuel, Cachiñas de Arriba sn, 50,
Betanzos
Taboada López, D. José, Camino Nuevo del Ferrol sn, 50,
Arzúa
Varela Pose, D. Andrés, Campo 27, 33, Vixoi

«Procuradores» no 1890

Montes Rilo, Raimundo, Monjas 3, 29, Bet.
Navaza Martínez, Juan A., Monjas 9, 30, Bet.
Vieites Castro, Francisco, Rúa Nueva 45, 45, Bet.

«Procuradores» no 1920

Miño Abelenda, Francisco, Valdoncel 45B, 62, Betanzos
Navaza Bugallo, Policarpo, Plaza de Arines 5, 55, Bet.
Puente Pérez, Valentín Plaza de Arines 5, 60, Carral

«Procuradores» no 1935

Bonilla Seijo, Bernardo, Angeles 4, 29, Coruña
Costas Peláez, Jaime, Rúa Traviesa 38, 36, Bet.
Peña Rodríguez, Joaquín, Constitución 3, 35, Bet.
Sánchez Díaz, Adolfo, Méndez Núñez 24, 47, Bet.

animais. Moitos son membros das xuntas municipais de sanidade, desde onde se planifica e decide sobre a saúde pública. Pero esta posición de privilexio, esta proximidade ó mundo da política tamén deu Alcaldes e concelleiros¹⁸.

D. Agustín García Sánchez foi deputado a Cortes en diversas ocasións e era a finais do s. XIX e comenzos do XX o xefe do partido liberal en Betanzos e comarca. Enfrentado no 1906-10 ós redactores de *La Defensa*, contará el e a súa poderosa familia, cun órgano propio, *La Aspiración* (1904-12).

Xa falamos como propietarios de **D. Calixto Leis Ponte** e de **D. Manuel Sánchez Cordero**.

O tamén avogado **D. Roque Ponte Peña** foi o fundador e director do primeiro periódico local, *El Censor* (1883-84). Co enxeñeiro D. José López Cortón y Viqueira formará unha sociedade que levantaría a partir de 1895a primeira fábrica de electricidade de Betanzos, a beira da Ponte Nova.

O notario **D. Juan Arines Montenegro**, que o vemos no 1890 era, ademais dun importante propietario de terras, o xefe do partido conservador en Betanzos.

No 1935 vemos ós avogados D. César Sánchez Díaz, que fora Alcalde no 1912-14, e o seu fillo D. Agustín Sánchez García.

D. Emilio Romay Montoto vive no 1935 na Rúa Nova, 5, 3º. Ten daquela 38 anos e está casado con Dª Mercedes Becarfa Loureda, de 32. Teñen 4 fillos: Emilio, de 4 anos, Mercedes, de 3, José Manuel (actual conselleiro da Xunta de Galicia) e Julio (Alcalde no 1974-78), de menos de un ano. Don Emilio sería Alcalde de Betanzos na Dictadura de Primo de Rivera, do 8-II-1924 ó 17-I-1929. A partir desta data será Presidente da Deputación d Coruña...

O avogado **D. Antolín Sánchez Valeiro**, da rama dos Cordero, será Alcalde do 1-I-1914 ó 27-XII-1915 e do 20-X ó 8-XII-1917.

D. Manuel Álvarez García, da familia Ramos (a do antigo Alcalde, D. Juan Mª Ramos Chas) será tamén Alcalde, na época de Franco, do 17-IV-1940 ó 17-XI-1942.

O notario **D. José Alguero Penedo**, que nacera en Betanzos no 1872 era fillo do capitán do Exército M. Alguero Nicolau (de Ascó, Tarragona). Fixo a carreira de «Leyes» en Santiago, obtendo no 1892 a licenciatura en Dereito Civil e Canónico. Será profesor do «Colegio Privado de 2ª Enseñanza» a partir do curso 1897-98, impartindo clases de Xeografía. A Audiencia Territorial nomeouno fiscal do partido xudicial de Betanzos para o bienio 1898-99. Participará con frecuencia como redactor dos periódicos locais: *¡Ya somos Tres!* (1889), *El Valdoncel* (1890), *El Mendo* (1890-91), *El Brigantino* (1888-89) e *El Progreso* (1900-01). Tamén participa na *Revista Núñez* (1925-26) e no *Anuario Brigantino* (1949) (TORRES REGUEIRO, Xesús. «Os animadores da prensa local (II)». Anuario Brigantino 1988, nº 11, pp. 71-73.). Significouse, así mesmo, como poeta. No 1936, en pleno Alzamento, foi acusado de «rebelión militar», se ben sería absolto ó ano seguinte. Morreu en Xixón no 1956.

¹⁸O médico **D. José Andrés Gayoso** será Alcalde do 1-I ó 28-XII-1840. Con el tamén terá funcións de Alcalde accidental o farmacéutico D. Cosme Antolín Serrano.

D. Fermín Couceiro Serrano, neto do citado D. Cosme, será tamén farmacéutico e mesmo Alcalde do 1-VII-1891 ó 1-I-1894.

D. Fernando García Acuña será, ademais de médico, un apaixonado poeta e periodista prolífico nos entusiastas periódicos locais de finais do s. XIX.

No 1935 atopámonos con algúns médicos que foron alcaldes na Dictadura de Primo de Rivera. É o caso de **D. José Calviño Salazar** (1-X // 26-XI-1923, 1-8-II-1924), e de **D. Vicente Garma Páez** (3-XII-1923 // 1-II-1924).

Outro médico que aquí aparece será tamén Alcalde na Segunda República, precisamente o primeiro desa etapa: **D. Víctor Cancela Noguero** (15-20-IV-1931, 18-X-1934 // 22-II-1936).

«MEDICOS» 1840, 1865, 1890, 1920 1935
(nome / rúa / idade / natural de)

«Médicos» no 1840

Gayoso, D. José, San Francisco 1, 53, Puente de Eume
Hernando, D. Juan, San Francisco 14, 32, Mondoñedo

«Cirujanos» no 1840

Cortiella D. Miguel, Cortaduría 8, 54, Tortosa
Fernández Andrade, D. Benito, Cachiñas Arriba 4, 46, Orense
Fraga, D. Francisco, Arriba Puente Nuevo 26, 94, Pontevedra
Lavandeira, D. Ramón, Puerta Hórreo 10, 60, Santiago
Luna, D. Benito, Nª Sª Camino 72, 44, Verines
Martínez, D. Andrés, 1ª Noas 24, 60, Curtis
Seoane, D. José, Santa Mª 8, 58, Coruña

1.5. Técnicos superiores

Non atopamos este grupo na cidade, o que tamén é significativo. Non hai aquí enxeñeiros, nin arquitectos...

1.6. Funcionarios superiores e militares de alta graduación

Son altos funcionarios da administración municipal ou das delegacións estatais, persoas todas de poder social en maior ou menor grado, posto que por moitos deles pasan os papeis e, en definitiva, deciden sobre os dereitos duns e doutros e afectan á economía da xente, podendo frear ou acelerar o ascenso social de tal ou cal persoa ou familia. Outros rexentan institucións como Correos, Telégrafos.... E mesmo podemos considerar neste apartado ós altos mandos do exército na cidade e ós catedráticos de instituto.

En conxunto, hai un descenso dos funcionarios superiores, de 61 no 1840 (pola gran cantidade de procuradores e de militares) a 32 no 1865, mantendo cifras semellantes no 1890 con 33, no 1920 con 37 e baixando a 23 no 1935.

Xuíces hai un nas 5 datas, fiscal 1 no 1840 e outro no 1865, pero procuradores hai 19 no 1840, baixan a 5 no 1865 e 1890, a 3 no 1920 e a penas soben a 4 no 1935. O comisionado de amortización de 1840, orixinado nas leis de desamortización eclesiástica xa non aparece no 1865 nin despois. O xefe de estación de 1920 e 1935 non aparece nas datas anteriores, porque a estación Betanzos-Pueblo inaugurouse no 1913, aínda que podería ser da Estación do Norte, que se inaugurou no 1883. E chama a atención a existencia de 6 catedráticos no 1935, debido á existencia recente

«Médicos» no 1890

Folla Llanes, Benigno, Pza. Cassola 7, 25, Bet.
García Sánchez, Joaquín, Sánchez Bregua 16, 40, Bet.
Martínez Teijeiro, José, Pza. Cassola 36, 26, Bet.
Porto García, José, Hórreo 28, 52, (Pontevedra)

«Médicos cirujanos» no 1890

Peón Rodríguez, Ramón, Pza. Cassola 8, 44, Bet.

«Médicos» no 1920

Ares Teijeiro, Angel, Méndez Núñez 6, 63, Bet. >>>
Calviño Salazar, José, Rúa Nueva 8 y 10, 30, Meaño (Pontevedra)
Cancela Noguero, Víctor, Angeles 3, 34, Bet.
Codesido Sánchez, José, Manz. R. Traviesa 6, 72, Arzúa
Corral Castro, Manuel, Monjas 27, 24, Bet.
Curiel Rodríguez, Ricardo, Ribera 143, 29, Bet.
Garma Páez, Vicente, Pza. Constitución 6, 23, Bet.
Mosteiro Pena, Salvador, Roldán 1, 25, Bet.
Peón Rodríguez, Ramón, Pza. Arines 38, 77, Bet.
Varela Almoina, Luis, Sánchez Bregua 3, 39, Santiago

«Médicos» no 1935

Alguero Caamaño, Miguel, Valdoncel 25, 24, Negreira
Alvarez García, Luis, Sánchez Bregua 16, 28, Bet.
Calviño Salazar, José, Valdoncel 20, 48, Meaño (Pontevedra)
Cancela Noguero, Víctor, Angeles 3, 50, Bet.
Codesido Sánchez, José, Manz. R. Traviesa 6, 78, Arzúa
Corral Castro, Manuel, Monjas 27, 39, Bet.
Garma Páez, Vicente, Sánchez Bregua 13, 39, Bet.
Lago Pereira, Antonio, Roldán 1, 30, Bet.
Núñez Ford, Pastor, Sánchez Bregua 2, 73, Montevideo
Vázquez Crespo, José, Valdoncel 12, 37, Bet.

«Odontólogos» no 1935

Martín Fernández, Manuel, Sánchez Bregua 3, 26, Puentedeume

«BOTICARIOS/FARMACÉUTICOS»

1840, 1865, 1890, 1920 1935
(nome / rúa / idade / natural de)

«Boticarios» no 1840

Serrano, D. Cosme Antolín, Plateros 18, 40, Bet.
Villar, D. Vicente, Campo... 8, 34, Bet.

«Farmacéuticos» no 1840

Arias, D. Vicente, Pza. Constitución 1, 33, Bet.
Barreiro, D. José, Puerta Ciudad 1, 58, Bet («comerciante y farmacéutico»)

«Boticarios» no 1865

Arias, D. Vicente, Pza. Constitución 4, 58, Bet.
Villar Vázquez, D. Vicente, Campo... 8, 57, Bet.

«Farmacéuticos» no 1865

Serrano, D. Cosme Antolín, Plateros 10, 64, Bet.

dun *Instituto de Segunda Enseñanza*, polo que tanto loitaran as corporacións municipais da Segunda República.

II.- CLASES MEDIAS

2.1.- Artesáns de oficios tradicionais

A análise comparativa dos artesáns tradicionais entre 1840 e 1935 amósanos unha inexorable e progresiva decadencia en conxunto, desde 1865, aínda que hai excepcións. Téñase en conta que no 1752 había un 35,5% de veciños artesáns en Betanzos¹⁹ e no 1840 vemos 501 persoas que pertencen a este gran grupo e que só representan o 11,06% da poboación total; no 1865, 521 (11,58%), mentres que no 1890 xa baixa a 410 (8,61%...), no 1920 a 372 (6,72%) e no 1935 a 321 (5,46%).

En liñas xerais, parece evidente que se trata dun efecto dos grandes cambios económicos que na longa duración sacoden España e o mundo, paralelos á chamada revolución industrial, que ofrece produtos manufacturados en maior abundancia e máis baratos. Tampouco debe ser alleo a este fenómeno o ferrocarril, que chegou a Betanzos no 1883 (liña Palencia-A Coruña) e, aínda posteriormente, no 1913 coa liña Betanzos-Ferrol²⁰.

Pero, sinalada a tendencia xeral, non tódolos oficios teñen o mesmo comportamento e eso tamén nos indica algo máis concreto do que está a pasar na cidade.

No que se refire ós oficios da alimentación, aínda que non chegan a desaparecer, sofren unha gran caída no número de persoas que a eles se dedican: de 146 no 1840 pásase xa a 99 no 1865, e a 40 no 1890, para recuperarse moi pouco a partir daí: 54 no 1940 e 63 no 1935. Desaparecen, sobre todo, as panadeiras (de 126 no 1840 pasan a 12 no 1935),

«Farmacéuticos» no 1890

Castro Ares, Carlos, Pza. Cassola 3, 40, Bet.
Cortiñas Vidal, Ricardo, Pza. Cassola 4, 37, Monforte
Salgado Martínez, A. Pza. Constitución 6, 31, Bet.

«Farmacéuticos» no 1920

Caballero Sánchez, Antº, Pza. Constit. 7, 66, Santiago
Couceiro Serrano, Fermín, Méndez Núñez 8, 58, Bet.
Couceiro Núñez, Jesús, Méndez Núñez 8, 26, Bet.
Lafont López, Francisco, Rúa Travesía 16, 62, Bet.
Cortiñas Vidal, Ricardo, Pza. Arines 4, 69, Monforte

«Farmacéuticos» no 1935

Couceiro Núñez, Jesús, Méndez Núñez 8, 41, Bet.
Losada Rodríguez, Luis, Hnos. García 17, 38, Chantada

«VETERINARIOS»

1890, 1920, 1935

«Veterinario» no 1890

Argüeso Gómez, Pedro, Valdoncel 43, 58, Burgos

«Veterinario» no 1920

Casal Sánchez, Baldomero, Rúa Travesía 2, 37, Coruña
Fontela Vázquez, José, Nª Sª del Camino 1, 36, Bet.

«Veterinario» no 1935

Seijo Sande, Emilio, Hnos. García 20, 47, Coruña
Vila Roel, Alfredo, Av. Jesús García 20, 42, Lugo

«CATEDRATICOS» 1865, 1890, 1935

«Catedráticos» no 1865

Martínez Araujo, D. Prudencio, Herreros 7, 55, Castelo

«Catedráticos» no 1890


Robledo, D. Juan León, Valdoncel 26, 44, Burgos

«Catedráticos» no 1935

Bescansa Aller, Manuel, Alhóndiga 6, 27, Coruña
Cernedo Arias, Luis, Ribera 113, 30, Nogueira (Orense)
Fernández Cao Cordido, José, Angeles 12, 60, Santiago
Folla Leis, Agustín, Valdoncel 2, 27, Betanzos
González Prieto, José, Alhóndiga 6, 25, Alcalá Henares
Noain García, Miguel, Linares Rivas 10, 32, Logroño

¹⁹GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Xan Miguel. «A candidatura de Betanzos á sede da Real Audiencia de Galicia no século XVIII». *Anuario Brigantino* 1986, nº 9, pp. 63-70.

²⁰ERÍAS MARTÍNEZ, Alfredo. «A chegada do ferrocarril a Betanzos». *Anuario Brigantino* 1983, nº 6, pp. 85 ss.



mentres os panadeiros non son capaces a contrarrestar esta caída, por máis que suban (3, 2, 4, 11 e 23). En definitiva, cae moito en conxunto un oficio que daba fama á cidade en todo o Antigo Réxime, posto que as nosas panadeiras chegaban ata A Coruña.

Os tipos de oficio relativos ó tecido e confección («costurera», «hiladora», «sastre», «lavandera», «planchadora», «bordadora», «tejedor/a»...) medran ata 1890, pero a partir desa data desaparecen moitos deles e no 1935 só temos costureiras, modistas, lavandeiras e xastres. Pero a decadencia desde 1890 a 1935 é moito máis terrible se nos atemos ó número de persoas, xa que pasan de 206 a 80 no 1920 e a 41 finalmente.

Está claro que no 1935 as prendas de vestir manufacturadas xa desprazaran á maior parte dos oficios artesanais da cidade e, conseguintemente, á xente a eles dedicada. E non fai falta dicir que este grupo está composto, sobre todo, de mulleres. Así pois, aquí temos unha resposta segura (polo menos en parte) á pregunta que nos faciamos máis atrás de por que se incrementaban tanto as amas de casa no 1935: porque tanto en oficios artesanais

da alimentación (panadeiras...) como do vestido, a súa función pasa a ser antieconómica. Quizais manteñan na casa algo deses oficios, pero xa de cara a dentro, posto que exercelos publicamente implicaría pagar impostos e eso xa non compensaría.

Os oficios que teñen como materia prima a pel tamén sofren un efecto parecido en conxunto: de 85 persoas no 1840 pasan a 83 no 1865 e a 27 no 1890, para recuperarse algo no 1920, 47, e baixar no 1935 a 43.

No 1840, os que fan zapatos novos, os mestres de obra prima, son 28 e soben a 46 no 1865, pero caen en picado ata 8 xa no 1890 e desaparecen despois. É dicir, por este tempo semella que os zapatos xa son da compra: veñen manufacturados de fóra.

Ó mesmo tempo, os zapateiros remendóns (que puntualmente tamén podían facer zapatos novos), tenden a manterse, a pesar da baixada de 1890, porque aumenta a poboación e os zapatos da compra tamén hai que arranxalos.


Moitos oficios do metal desaparecen, posto que no 1935 xa non vemos ós armeiros, caldeireiros, cerralleiros, claveteiros, latoeiros, lanterneiros, faroleiros, etc., aínda que si aparecerán uns personaxes novos: 3 afiadores. Permanecen os ferradores, ferreiros e follalateiros. Pero, en conxunto, empezan subindo de 37 a 48 entre 1840 e 1865, para baixar a 19 no 1890, a 21 no 1920 e a 14 no 1935. A maior baixada está nos ferreiros, que pasan de 15 no 1840 a 13 no 1865, a 3 no 1890, soben a 10 no 1920 e volven caer a 2 no 1935. Os ferradores tamén baixan, pero menos: 7, 1, 1, 2 e 4. A chegada dos ómnibus e dos automóviles²¹ non elimina de golpe os cabalos nin os bois e as vacas como forza de



²¹«Están para terminarse las obras de los almacenes que para los automóviles de esta ciudad al Ferrol, están construyendo en la Avenida de Linares Rivas. Nos aseguran que dichos vehículos empezarán a funcionar en la primera quincena del mes entrante». *El Pueblo*, 4-VIII-1900.

«El martes próximo pasado á la una de la tarde llegó á esta ciudad, procedente del Ferrol, uno de los automóviles de la empresa El Oriente conduciendo al Ingeniero encargado de la inspección de los mismos. Regresó á Ferrol á las tres de la tarde». *El Progreso*, 4-XI-1900.

«Desde el 1 de Noviembre empezaron á circular entre esta ciudad y la de Ferrol los Automóviles. De la espededuría de los billetes, está encargado el que antes era de los coches de la misma empresa, **D. Laureano Andrade**, dueño de la fonda La Universal. Estos vehículos saldrán todos los días para Ferrol á las siete de la noche, y costarán sus billetes en interior 6 pesetas y en berlina 7,50 pesetas; el servicio de equipajes y viajeros de esta empresa desde la Administración á la estación del ferrocarril estará á cargo de los coches El Veloz, propiedad de **Ginés Almodóvar**». *El Progreso*, 4-XI-1900.



tracción e mesmo para ir e vir a pé das feiras (como a de Betanzos dos días 1 e 16 de cada mes). No 1935 as estradas comarcais aínda están en moi mal estado e os carreteiros de zorras e carros permanecerán unhas cantas décadas ata a chegada das pistas e do tractor.

Por último, cabe dicir que xa desde 1890 desaparecen oficios como peineiros e cereiros. Desde 1920 tampouco aparecen esquiladores, compoñedores de paraugas, cesteiros, brocheiros, alpargateiros, oleiros ou fogueteiros. Na véspera da Guerra Civil a penas había nada do vello espírito artesanal, aquel que dera nome de oficios a tantas rúas da cidade. O Antigo Réxime agonizaba definitiva e tardiamente en Betanzos a mans das transformacións capitalistas do mercado. Xa non era rendible ser un bo artesán. Valía a pena merca-las cousas no comercio.

En resumo, tódolos oficios artesanais tenden a desaparecer menos os da construción (albaneis, canteiros) e os da madeira (carpinteiros, serradores, toneleiros...). Os primeiros pasan de 25 a 30, 41, 77 e 72, o que parece significar un incremento constructivo na cidade desde algo antes de 1920 ata 1935. Os oficios da madeira soben de 51 no 1840 a 58 no 1865, a 66 no 1890, a 86 no 1920 e baixan moi pouco, a 81, no 1935, baixada parella a dos albaneis que quizais fale dun certo freo na expansión constructiva, logo da Revolución de Asturias e pouco antes da Guerra Civil.

2.2.- Pequenos comerciantes

¿Son os chamados industriais, pequenos comerciantes? Cremos que si. A proba está en que cando os pequenos comerciantes que podemos definir ben baixan no 1920, aínda que eso ten algo de real, ó mesmo tempo empezan a subir os industriais. Isto parece querer dicir que moitos pequenos comerciantes desde 1920 (pero sobre todo no 1935) foron considerados de maneira xenérica como industriais nos padróns.


Pequenos comerciantes témolos no ramo da alimentación, tecido e confección, madeira, *ferretería*, comercio de metais, xoguets, estancos, tabernas, hostais, mesóns, e hainos tamén ambulantes, quincalleiros e mesmo alquiladores de cabalerías.

Internamente as fontes non sempre nos permiten facer unha axeitada comparación, posto que existen termos xenéricos («comerciante», «industrial», «tratante», «tendero»...) que en ocasións (sobre todo no 1935) concentran un excesivo número de persoas. Isto explica, por exemplo, por que os pequenos comerciantes dedicados á alimentación pasan sucesivamente (1840, 1865, 1890, 1920 e 1935), de 42 a 56, a 66, a 42 e soamente a 8 ó final, o que, evidentemente, neste último caso, non responde á realidade. Ou, máis claro aínda, cando vemos que os pequenos comerciantes dedicados ó mundo dos tecidos e confección pasan de 1 a 6, 19, 3 e 0. Son datos incompletos que se complementarían sen dúbida con eses xenéricos «comerciantes», «tenderos», etc.

2.3.- Profesionais liberais medios

¿Que incluímos neste grupo?: pequenos impresores, fotógrafos, pintores, administradores de fincas, delineantes, agrimensores, peritos mercantís, encadernadores, peritos agrónomos, topógrafos, castradores, barbeiros, peluqueiras/os, carreteiros...

En números absolutos, no 1840 hai 17, vindo logo unha subida forte cara a 1865, con 35 (soben carreteiros e barbeiros) e baixando no 1890 a 18. A partir daqui, a subida é forte, tanto no 1920 con 44, como no 1935 con 55, debida en boa parte ós barbeiros/peluqueiros e tamén, en menor medida, ós fotógrafos.



²²CUNS LOUSA, Xulio. «La Banda Municipal de Betanzos en el siglo XIX». Anuario Brigantino 1984, nº 7, pp. 137 ss.

No 1840 hai 11 barbeiros, 20 no 1865, caen a 6 no 1890 e logo soben a 32 no 1920 e a 33 (inclúese 1 «peluquera» e 11 «peluqueros») no 1935.

2.4.- Pequenos funcionarios

Falamos da administración de xustiza, concello, delegacións estatais e exército, así como do mundo educativo, aínda que aquí vémonos na obriga de xuntar mestres públicos e privados por non establecer as fontes claramente a distinción.

Na xustiza só vemos 1 «alguacil de juzgado» no 1890 e 2 no 1920.

No concello a variedade xa é grande. En conxunto mantéñense estables no 1840, 1865 e 1890 (20, 19, 21) para subir a 37 no 1920 e a 39 no 1935, debido ó maior número de gardas municipais e ós músicos da Banda Municipal que nacera coa Academia de Música no 1852²².

Consideramos neste apartado tamén o mundo do teléfono, telégrafo, correos e mesmo o ferrocarril. En total soben (1840, 1865, 1890) de 8 a 13 e a 17 para escapar a 41 no 1920 e baixar a 23 no 1935. A subida de 1920 débese ós empregados de correos e ós de consumos, ós que se engaden os de teléfonos e telégrafos.

En canto ós empregos medios e baixos do exército, temos aquí ós gardas civís, a moitos militares sen especificar, carabineiros, voluntarios de Galicia (1 no 1840), cabos e mesmo soldados. En conxunto, evolucionan así: 55, 45, 24, 53 e 40. Nos 55 de 1840 aparecen 20 «carabineros», 13 soldados e 11 militares sen máis. Os «carabineros» seguen, aínda que menos, 16, no 1865 e tamén baixan os soldados a 7. Logo, fonda caída de 1890 (só quedan 3 carabineiros e outros 3 retirados, desaparecendo os soldados e os militares sen especificar). E subida a 53 no 1920, porque reaparecen os «militares» na cidade. Os gardas civís témolos no 1865, 4, no 1890, 5, non figuran no 1920 e vemos 12 no 1935, data na que tamén hai 14 «militares».

Mestres e profesores (deixando aparte os catedráticos) van de 8 e 5 no 1840 e 1865 a 16 no 1890, 24 no 1920, subindo a 33 no 1935 polo efecto da política educativa dos concellos republicanos.

Sobre o mundo relixioso, hai que dicir que Betanzos non é capital de diócese, pertence á de Santiago e, polo tanto, non atoparemos aquí grandes dignatarios eclesiásticos. En conxunto o seu número parece estable: entre 24 no 1840 e 21 no 1865, pero sobe a 36 no 1890 (pola existencia de 19 monxas), chegando ó cumio de 57 no 1920 (aumenta o número de monxas) e manténdose en 55 no 1935.

O paso do tempo dá matices a este grupo. Así, no 1840 vemos os recentes efectos da desamortización eclesiástica de Mendizábal ó atopar 14 relixiosos exclaustrados: a maioría deben pertencer ó convento de San Francisco, pero tamén pode haber do de Santo Domingo. Catro son de Betanzos e, polo tanto, non terían problemas de aloxamento, pero os demais viven en distintas rúas nos barrios de San Francisco e da Rúa Nova, probablemente recollidos caritativamente nas casas dalgúns veciños. Mesmo 3 viven



xuntos no nº 17 da Rúa Nova. No 1890 xa non quedan «religiosos» ou «monjes», pero voltamos a atopalos no 1920, despois da construción do novo convento de San Francisco no 1914.

Non aparecen reflectidas monxas nos padróns antes de 1890, pero si desde aquí: 19 no 1890; 18 «enclaustradas» (agustinas recoletas) e 15 «hermanas de la caridad» no 1920, e 29 «religiosas», 1 «monja» e 6 «hermanas de la caridad» no 1935, ligadas estas a institucións sanitarias e asistenciais. Pola súa banda, o clero secular (curas párrocos, coadxutores...) permanece moito máis constante.

2.5.- Pensionistas

Consideramos aquí exclusivamente ós que teñen esa denominación xenérica. As súas cifras de conxunto, moi baixas en todo caso, van de 6 no 1840 a unha certa estabilidade: 17 no 1865, 23 no 1890-1920, e 20 no 1935.

2.6.- Estudiantes

En relación ós estudantes (segundo os datos de 1890 as nenas son escolarizadas de xeito non moito inferior ós nenos), cabe dicir que a subida tan espectacular do seu número desde os 58 de 1840, 24 de 1865, a 822 de 1890, 978 de 1920 e 1.204 no 1935, debe contemplarse (aparte de posibles defectos das fontes de 1840 e 1865) dentro do progresivo interese dos gobernantes españois e locais pola educación, desde a *Lei Moyano* de 1857 ó gran esforzo da Segunda República. Pero tamén hai que ver neste avance educativo unha actitude positiva da sociedade, sobre todo esta de mentalidade pequeno burguesa, que albisca no ensino un medio de subir na escala social.


III.- ASALARIADOS

3.1.- Asalariados de oficios tradicionais

Referímonos aquí ós asalariados de oficios da alimentación, dos tecidos e confección, construción, madeira, coiro, metal e xoiería. Pasan todos de 5 no 1840 (1 peón e 4 xornaleiros de zapateiro), a 2 no 1865 (oficiais de obra prima), para subir a 82 no 1890, debido fundamentalmente ós 21 peóns de albanel e ós 30 oficiais de zapateiro: unha subida que arreda a dos xornaleiros agrícolas por esa data e que nos fala de xentes da comarca que «invadiron» á cidade. Do mesmo xeito, caen no 1920 a 6, aínda que soben logo a 22 no 1935, debido sobre todo ós 12 peóns de albanel e a 6 camareiros. No 1935 tamén aparece a figura do picapedreiro, relacionado co arranxo de estradas.

3.2.- Dependentes de comercio

A progresión numérica deste grupo é enorme, sobre todo de 1890 a 1935. Soben en paralelo ós pequenos comerciantes, dos que en xeral dependen, e, polo tanto, é un síntoma máis da bonanza que experimenta este subsector. Eles demostran que os industriais son efectivamente comerciantes. Nembargantes falta saber por que soben os dependentes de comercio no 1920, precisamente cando hai ou parece haber unha baixada de comerciantes. ¿Tratarase quizais nesta data dun erro da fonte, confundíndose as dúas categorías? ¿Ou será que baixaron realmente os comerciantes e os que quedaron intensificaron o traballo mediante o emprego dun maior número de dependentes?



3.3.- Asalariados domésticos

As criadas e os criados do Antigo Réxime non desaparecen doadamente: medran as criadas de 150 no 1840 a 157 no 1865, a 198 no 1890, a 224 no 1920, decrecendo ata 169 no 1935. Diríase que as criadas, a pesar da tendencia a diminuír, seguen a ser necesarias no 1935 para os vellos e novos propietarios, así como para os grandes negociantes e algúns outros que os queren imitar. Están ligadas á casa.

Os criados, en cambio, tenden a desaparecer irremisiblemente, ó pasar de 32 no 1840 a 39 no 1865, a 21 no 1890, a 26 no 1920 e a 5 no 1935.

3.2.- Xornaleiros agrícolas

A subida no número de xornaleiros agrícolas cara o cumio de 1890 é tan espectacular como a baixada posterior. Pasan de 62 no 1840 a 209 no 1865 e a nada menos que 628 no 1890, para caer a 284 no 1920 e a 115 no 1935.

Arredor de 1890, está claro que na propia cidade xurdiron moitos xornaleiros (252, dos que 164 son homes e 88 mulleres), pero a maioría viñeron de fóra (376, 217 homes e 159 mulleres). Foi unha inmigración importante. Diríase que o baleiro deixado na cidade polas vítimas da fame e da epidemia foi cuberto en boa medida por estes xornaleiros e xornaleiras (que tamén se chaman ás veces braceiros e braceiras). Xuntáronse nesta avalancha ás criadas (que pasan de 150 no 1840 a 198 no 1890) e ós asalariados de oficios artesanías (que pasan de 5 no 1840 e 2 no 1865 a 82 no 1890). Desesta forma equilibrase unha poboación que, de non ser por isto, houbera caído a valores inferiores ós de 1840.

Pero as cifras indican que a dinámica económica da cidade non chegou para que esta xente se asentase definitivamente e eso explica a súa desaparición progresiva e inexorable, quizais levada pola corrente emigratoria cara a América.

A distribución destes xornaleiros pola cidade no 1890 demostra que toda ela tiña neste momento un acentuado carácter agrícola, aínda que esa distribución non era uniforme. O

barrio da Ponte Vella, con poucas casas, pero envorcado cara ás terras de Tiobre e do Mandeo (terras de viñas...) estaba á cabeza con 171 (77 homes e 94 mulleres), concentrados, sobre todo, na rúa de Nosa Señora do Camiño («Calle del Cementerio» daquela), na de Saavedra Meneses e na Travesía de Caraña... Pode dicirse que eran rúas de xornaleiros nese tempo.

O barrio do Campo concentra os 151 xornaleiros (103 homes e 48 mulleres), fundamentalmente na rúa de Castro de Unta (no vello barrio da Fonte de Unta), na Cruz Verde (o antigo barrio dos Xudeos nas aforas) e na rúa dos Ánxeles...

No barrio de San Francisco había 112 xornaleiros moi dispersos por tódalas súas rúas, estando á cabeza a de Quiroga e Cervantes. Hai que subliñar que non hai vivindo ningún xornaleiro na rúa onde no 1840 vivían tantos facendados e na que agora vivirían os seus descendentes: a rúa dos Ferreiros.

No barrio da Rúa Nova eran 101 xornaleiros (61 homes e 40 mulleres) os que había, tamén moi dispersos, pero sobresaíndo a longa rúa do Valdoncel, flanqueando o camiño de Castela que ía á Coruña, lugar de antigos facendados.

No barrio da Ribeira había 93 xornaleiros (86 homes e 7 mulleres), destacando a rúa da Ribeira con 41 (40 homes e 1 muller) e a da Marina con 32 (30 homes e 2 mulleres).

En canto á procedencia, por parroquias está á cabeza Tiobre (Betanzos) con 31 xornaleiros. E se falamos dos concellos da bisbarra, viñeron non só dos máis próximos (Coirós, Paderne, Abegondo, Bergondo...), senón tamén de Oza, Cesuras e ata de Lugo.

3.3. Obreiros

En Betanzos non se pode falar de obreiros en sentido estricto, a pesar de que, por razóns ideolóxicas e de defensa dos seus dereitos, moitos artesáns e asalariados, e mesmo campesiños, se agrupasen nas chamadas sociedades obreiras: «Sociedad de Albañiles y Peones La Aurora Obrera de Betanzos» (1903), «Sociedad de Carpinteros de Betanzos» (1903), «Asociación de Obreros Agricultores de la ciudad de Betanzos» (1904)... No 1935 no padrón de habitantes aparecen 3 «obreros», un en activo e dous parados: non sabemos que traballo fan en realidade.

No 1920 atopámonos con 5 electricistas e 4 mecánicos. Os electricistas soben pouco, soamente a 7 no 1935, pero os mecánicos chegarán a 19. En xeral non cremos que fosen autónomos, senón asalariados ou, se se quere, obreiros.

A electricidade chegou a Betanzos a partir da fábrica que construíu D. José López Cortón y Cía. na zona da Ponte Nova no 1895.

